

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2025

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Luisa María Sánchez Méndez

Don Rafael Domínguez Artime

Don Javier Tourís Romero en substitución
de **Don Jorge Cubela López**

Don Ricardo Martínez Chantada

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Paco Ferreira González

Don Gregorio Luis Agís Gómez

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gorka Gómez Díaz

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do día 21 de abril de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE MARZO DE 2025 (Expediente 2025007882)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2025.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGD 2025 (Expediente 2024081313)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións de Cooperación ao Desenvolvemento dirixidas a ONGD 2025, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras** aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2025001411 de 28 de febreiro de 2025.
- **Publicación no BOPPO** de 19 de marzo de 2025.
- As bases teñen por **obxecto** aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, en diante ONGD, para o ano 2025.
- **A finalidade** destas bases serán as actividades e os proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos que contribúan a levar a cabo accións sociais, aliñados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Poderán beneficiarse destas subvencións as ONGD que cumbran os seguintes **requisitos**:
 - *Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, na Sección "A".*
 - *Ter domicilio social ou delegación permanente na provincia de Pontevedra. Para estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario, e local fixo para a realización de actividades.*
 - *Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.*
 - *Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre pobos, a cooperación social ou calquera outra actividade de natureza similar.*
 - *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei Xeral de Subvencións nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
 - *Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Os **proxectos** presentados polas ONGD deben vincularse coas **prioridades transversais nomeadas no V Plan director da cooperación galega**, de acordo coas súas posibilidades e dimensións:



- *A erradicación da pobreza multidimensional*
- *A igualdade de xénero*
- *A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático*
- *O enfoque baseado en dereitos humanos*
- *O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade*
- *A equidade e a loita contra as desigualdades*
- *A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil*
- *Subvencionaranse tres proxectos cuxos obxectivos principais sexan a formación, capacitación, axuda técnica, fortalecemento das entidades así como a prestación de servizos para cubrir necesidades básicas, etc.*
- *O **prazo para a presentación de solicitudes** será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*
- *A **contía** prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a **corenta e cinco mil (45.000,00) euros**, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.*
- *Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder os quince mil **(15.000,00) euros**.*
- *Subvencionaranse os **tres proxectos que obteñan a mellor puntuación** conforme os **criterios de valoración establecidos** na base décimo terceira, divididos en criterios relacionados coa entidade solicitante e a colaboradora en terreo (traxectoria da ONGD solicitante, experiencia na zona ou país onde se desenvolve o proxecto e experiencia de traballo conxunto coa contraparte) e os criterios relacionados co proxecto (número de persoas beneficiarias, claridade na descrición do mesmo, implantación do proxecto en terreo, etc.)*
- *Nos últimos tres anos destináronse preto de **135.000,00 euros** a proxectos que procuraron mellorar as condicións de vida e o desenvolvemento sostible da poboación de Bolivia, Honduras, Mozambique e O Salvador:*
 - ***FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIDAD**, recibiu **10.118,36 euros** para un proxecto de fortalecemento do empoderamento das mulleres indíxenas en **Bolivia***



- **ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA**, recibiu nestes últimos anos preto de **45.000,00 euros** para a mellora do exercicio dos dereitos das mulleres rurais en **Honduras**.
- **SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA**, recibiu **45.000,00 euros** para dous proxectos: o primeiro de promoción de medios de vida para as mulleres e o segundo para financiar sistemas comunitarios de auga fortalecidos para unha xestión hídrica inclusiva e sostible, ambos no **Salvador**.
- **AZADAVERDE**, recibiu preto de **15.000,00 euros** para un proxecto de fortalecemento dos sistemas alimentarios locais sostibles nas comunidades rurais de **Mozambique**
- **ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ**, foille concedida unha subvención por importe de **15.000,00 euros** para un proxecto dirixido a fortalecer a autonomía económica de mulleres e comunidades para a soberanía alimentaria no **Salvador**.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS ÁS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "+XUNTAS" ANO 2025 (Expediente 2024069042)

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, da adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa "+XUNTAS" ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024. A convocatoria presentáronse un total de 319 solicitudes.

Con este programa, búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

O programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, admítense favorablemente á convocatoria un total 267 solicitudes. Na Xunta de Goberno do 11 de abril de 2025, adóptase o acordo de adxudicación das accións formativas que figuraban no catálogo deste programa a 207 entidades da provincia de Pontevedra, a creación dunha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes.

Para a xestión, desenvolvemento e execución do programa +XUNTAS, adxudicouse na Xunta de Goberno do 21 de maio de 2024 (expediente 2023072103); á UTE Xestión Cultural Áurea S.L. (CIF: B36394203) – Campa Formación e Intervención Socioeducativa (CIF: B15666944), polo prezo unitario ofertado por obradoiro de 1.562,29 € (IVE incluído).

Sendo aprobada a prórroga do servizo de execución do programa na Xunta de Goberno de 20 de decembro de 2024; existindo unha retención de crédito por importe de trescentos vinte e tres mil trescentos noventa e catro con tres céntimos (323.394,03€), con cargo á aplicación orzamentaria 25/250.2315.227.07.

Relación de 207 entidades ás que se lles concede unha acción formativa:

ORDE	CÓD. EXPEDIENTE	CIF	NOME DA ASOCIACIÓN
1	2024082851	G56610249	ASOCIACIÓN AS MULLERES DE TROÁNS
2	2024082854	G36264828	ASOC MULLERES RURAIS E CONSUMIDORAS A TELLEIRA DE DENA
3	2024082855	G36422897	ASOC MULLERES RURAIS SALV TEMPO GAÑADO
4	2024082858	G36581106	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE FONTAO
5	2024082859	G86107372	ASOC AMAR-DRAGOSTE
6	2024082870	G42925594	ASOC DE MULLERES FEMINAS EN ACCION
7	2024083308	G94050291	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE DE BUSTO
8	2024083319	G94014024	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE DE DONRAMIRO
9	2024083558	G36525913	ASOC DE MULLERES RURÁIS DE TUIRIZ
10	2024083522	G36333292	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS O MOURIÑO
11	2024083525	G36206357	ASOC. DE MULLERES RURAIS CASELAS
12	2024083529	G36547479	ASOC MULLERES RURAIS SANTA LUCIA DE ARCO
13	2024083532	G94194701	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE TUI
14	2024083534	G36585883	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE CAMPOSANCOS
15	2024083541	G94128139	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE DE DONSIÓN



16	2024083552	G36585925	ASOCIACION MULLERES EN IGUALDADE DE CERCIO
17	2024083553	G72934128	ASOC CULTURAL MULLERES RURAIS A PALLEIRA
18	2024083557	G36586204	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE DE SANTISO
19	2024083587	G94167103	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE OIA
20	2024083791	G36202307	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS O CAMPANARIO
21	2024083802	G36377448	ASOC MULLERES RURAIS AS ACEÑAS DE BAION
22	2024083803	G56401391	ASOC. MULLERES GRESANDE
23	2024083811	G36052843	ASOC. FAMILIAS E MULLERES RURAIS DEZA
24	2024083824	G36228054	ASOC MULLERES RURAIS OS BORRIZOS DE CORNAZO
25	2024084070	G94154655	ASOC. MULLERES RURAIS DE MUIMENTA
26	2024084076	G36586303	ASOC. MULLERES RURAIS EN IGUALDADE DE PRADO
27	2024084105	G36302867	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ANDURIÑA DE ARCADE
28	2024084239	G36583532	ASOC. MULLERES RURAIS EN IGUALDADE DE BENDOIRO
29	2024084249	G94002953	ASOC. MULLERES EN IGUALDADE DE MADRIÑÁN
30	2024084252	R3600131A	CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA
31	2024084257	R3600113I	COLEGIO NTRA SRA DE FATIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA
32	2024084261	G36251254	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LOLITA TRIGO
33	2024084279	G36187524	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS CONSUMIDORAS E CULTURAIS ALBOR DE VALGA
34	2024084308	G36461648	AMAS DE CASA "MUIÑOS DO VENTO"
35	2024084313	G94047057	ASOC DE MULLERES RURAIS A PICARA
36	2024084460	G36547818	ASOC. DE MULLERES O ABEIRO
37	2024084466	G36164804	ASOC. MM. RR. EMILIA PARDO BAZAN
38	2025000002	G36596328	ASOC DE MULLERES DE GARGAMALA
39	2025000013	G36355345	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS OS PAZOS
40	2025000015	G94133675	AS. DE MULLERES RURAIS S. MIGUEL DE CORA
41	2025000121	G36145548	ASOC DE CONSUMIDORES E INICIATIVA SOCIAL DE AMAS DE CASA DE MARIN
42	2025000288	G36226116	MULLERES RURAIS SAN VICENTE DE PAUL ILLA DE AROUSA
43	2025000296	G36964757	ASOCIACION DE MUJERES VIUDAS DEMOCARATAS EUROPEAS DE VIGO
44	2025000311	G94015385	ASOCIACION MULLERES RURAIS A TORRE DA BARREIRA DE RIOBO
45	2025000323	G36335073	ASOCIACION CULTURAL DE MULLERES RURAIS DE SAN XURXO DE VEA



46	2025000467	G36584191	ASOC DE MULLERES CREATIVAS DE QUIREZA
47	2025000474	G36466233	ASOCIACION DE AMAS DE CASA DE TUI
48	2025000475	G36780658	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SEMENTEIRA
49	2025000477	G36212710	ASOC DE MUJERES RURALES CONSUMIDORAS E CULTURAIS A XUNTANZA
50	2025000485	G36421089	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE DORNELAS
51	2025000486	G36152924	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO
52	2025000503	G36327062	ASOCIACION MULLERES RURAIS A CHANCIÑA
53	2025000504	G94114691	ASOC MULLERES EN IGUALDADE DE MONEIXAS
54	2025000506	G94104767	ASOC DE MULLERES RURAIS DE CASTRELO-AS SAIÑAS
55	2025000513	G36619468	ASOC DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRITO DE LA VICTORIA
56	2025000540	G94116050	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE RIBEIRA
57	2025000543	G36547453	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE DARBO
58	2025000556	G94122884	ASOCIACION DE MULLERES INTERCAMBIO DO SABER
59	2025000641	G36228500	ASOC MUJERES RURALES CONSUMIDORAS Y CULTURALES ANDRES DE VEA
60	2025000781	G36386175	ASOC MULLERES RURAIS E CULTURAIS SANTA MARIÑA
61	2025000784	G36395598	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ARBENSES
62	2025000787	G72882665	ASOC DE MULLERES RURAIS DE A CAÑIZA AXÓUXERE
63	2025000801	G36445708	ASOCIACION DE AMAS DE CASA "ALBARIÑO" CAMBADOS
64	2025000962	G36258903	ASOCIACION MULLERES DE SILLEDA
65	2025001000	G36764322	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS SAN BENITO DE GONDOMAR
66	2025000973	G94093044	ASOCIACION MULLERES RURAIS "OS MUIÑOS" DE MARCON
67	2025000989	G94021987	ASOC DE MULLERES ARDEFUR
68	2025001006	G94059185	ASOCIACION MULLERES DO VERDUGO
69	2025001019	G36584076	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A SOBREIRA DE CALLOBRE
70	2025001023	G36212959	ASOCIACION RURAL DE AMAS DE CASA DE ARNOIS
71	2025001216	G36459980	ASOC AMAS DE CASA ROSAIS - PORRIÑO
72	2025001224	G36409175	ASOCIACION DE MULLERES ARELA
73	2025001233	G36186096	ASOC MULLERES RURAIS E CONSUMIDORAS O CORAZON DO SALNES DE MEAÑO
74	2025001240	G01927029	ASOCIACION PALILLEIRAS REBULIDEIRAS DE COTOBADE
75	2025001243	G36888030	ASOCIACION DE VIUVAS MERCEDES DE LA ESCALERA



76	2025001252	G36837433	ASOCIACION MULLERES PEDRA DA VELLA
77	2025001257	G36461424	ASOC MULLERES RURAIS XUNTANZA
78	2025001259	G36568137	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "SANTA ISABEL"
79	2025001263	G36212645	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS MAR E AGRO DE BUEU
80	2025001417	G36379188	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS CITANIA
81	2025001429	G36380301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (CANGAS)
82	2025001432	G70811823	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DE COIRO
83	2025001435	G36380301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (MOAÑA)
84	2025001442	G36380301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (VIGO)
85	2025001444	G36380301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (PONTEVEDRA)
86	2025001445	G36530350	AA.MM.RR DE FONTECARMOA
87	2025001456	G36207827	ASOC DE MULLERES RURAIS DE CASTRO A ESTRADA
88	2025001468	G36599603	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS FERVENZA DO CASTELO
89	2025001482	G36454163	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE LOÑO
90	2025001481	G36688992	ASOC MUJERES CABRAL ROSALIA DE CASTRO
91	2025001483	G94024205	ASOCIACIÓN MÑULLERES EN IGUALDADE DO ROSAL
92	2025001489	G94103777	ASOC RURAL MULLERES ESTRIBELA LOURIZÁN
93	2025001492	G94088184	ASOC.MULLERES RURAIS AIRES DEL NORTE Y OLÉ
94	2025001497	G36208155	ASOC DE MULLERES RURAIS CHAN DOS CASTILIÑOS
95	2025001501	G36178051	ASOC DE MULLERES RURALES O MENHIR
96	2025001502	G36166916	ASOC MULLERES RURALES O MARCO DE SAN SALVADOR MEIS
97	2025001510	G44797066	ASOC MULLERES FEMINISTAS BERRA
98	2025001516	G36528842	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS CASTRO VALENTE
99	2025001532	G36148526	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS CELSO EMILIO FERREIRO MIGUEZ
100	2025001541	G36525293	FUNDACIÓN LAS SAMARITANAS
101	2025001547	G36528826	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS "SANTA CLARA" SAN PEDRO DE ANCORADOS
102	2025001551	G36224947	ASOC DE MULLERES RURAIS A LAGOA DE SAN VICENTE DO GROVE
103	2025001555	G36261030	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE CAMANZO
104	2025001739	G36899995	ASOCIACION AMAS DE CASA DE BAIONA
105	2025001753	G36928646	ASOC REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO



106	2025001757	G36207918	ASOC DE MULLERES RURAIS A SECA DE CORBILON CAMBADOS
107	2025001761	G94200326	FEDERACIÓN POLA IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
108	2025001766	G94190998	ASOCIACIÓN DE MULLERES DE VILABOA
109	2025001774	G36519957	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "AS BUGINEIRAS DE NIGOI"
110	2025001785	G94139839	ASOC. MULLERES DE SOUTOLONGO
111	2025001787	G36462273	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS OS MUIÑOS DE CURANTES
112	2025001813	G36353183	ASOC DE MULLERES RURAIS CARBALLEIRA-CALDAS DE REIS
113	2025001821	G27826999	ASOCIACION DE EMPRESARIAS DE GALICIA
114	2025001823	G94023322	ASOCIACION DE MULLERES PALILLEIRAS DE LALIN
115	2025001826	G36217529	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS PENA DE FRANCIA
116	2025001833	G94172277	ASOCIACION DE MULLERES EN IGUALDADE DE CERDEDO-COTOBADA, A LAMA, PONTE CALDELAS
117	2025001838	G94147352	ASOC DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL RULIÑAS
118	2024082937	G36502839	ASOC DE VECIÑOS MINAS DA BREA
119	2024082939	G36036069	ASOC CULTURAL SAN FINS DE REBORDANES TUI
120	2024082940	J36523702	ASOC CULTURAL IRMANS BARCIA
121	2024082938	G36145290	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EUGENIA DE MOUGAS - OIA
122	2024082853	G94114279	ASOC CULTURAL CENTRO CULTURAL DE CILLARGA
123	2024082856	G36598696	Asociación de Festas do Carmen de Soutoxusto
124	2024082860	G36124279	ASOC ERGUETE DE PREV EDUCACION
125	2024082861	G36305852	ASOCICACION DE VECIÑOS SAN GREGORIO DE A CORREDOIRA
126	2024082862	G36164887	DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOC SINDROME DE DOWN
127	2024082863	G36889780	ASOCIACION DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL
128	2024082864	G36121713	ASOC.CULTURAL VEIRA DO RIO DE PONTESAMPAIO
129	2024082865	G36121648	ASOC DE VECINOS HEROES DE PONTESAMPAIO
130	2024082866	G94089620	ASOCIACION DE ENFERMOS DE ARTRITE PONTEVEDRA
131	2024082867	G36317659	ASOCIACION DE VECINOS SANTA APOLONIA DE GUIMAREI
132	2024082868	G10948347	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL SAN MARTIÑO DE REBORDELO
133	2024082869	G94061207	ASOC O BATUQUEIRO DE VILARIÑO
134	2024082980	G94113768	ASOCIACION CULTURAL SON DE XEVE
135	2024082973	G36368488	ASOC DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DO MORRAZO - AFAMO



136	2024082982	G36102663	ASOC RECREATIVA E CULTURAL DE GUIZAN
137	2024082994	G70672837	ASOCIACION RURAL DOS VECIÑOS DE PIÑEIRO
138	2024082995	G27771195	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO
139	2024082999	G36263721	ASOCIACION DE VECIÑOS DE GANDON
140	2024083329	G36654036	ASOC DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MATAMA A UNION
141	2024083341	G36014744	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE EL GROVE
142	2024083349	G44658870	ASOCIACION VECIÑAL TERRA DE GUIMAREI
143	2024083351	G94001666	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE FRAGAS
144	2024083544	G36452837	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE
145	2024083554	G36269280	AGRUPACION CULTURAL XUNCO
146	2024083567	G36395325	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA CIDADELLE
147	2024083568	G36056703	ASOCIACIÓN VECIÑAL E DEPORTIVA CULTURAL MIÑOTEIRA
148	2024083572	G36623593	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS
149	2024083577	G36146108	ASOCIACIÓN CENTRO SOCIAL CULTURAL E RECREATIVO DE CEDEIRA
150	2024083595	G36048262	ASOC SOCIEDADE CULTURAL DO VISO
151	2024083596	G36040962	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AGRÍCOLA E CULTURAL SAN TOMÉ DE PARDERRUBIAS
152	2024083597	G36995389	ASOC CENTRO CULTURAL RECREATIVO PARADA DO MIÑOR
153	2024083612	G36583110	ASOCIACIÓN CULTURAL CHORIMA
154	2024083799	G44786002	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN CRISTOVO DE CAMPOSANCOS
155	2024083807	G36028827	ASOCIACION DO CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE TORROSO MOS
156	2024083825	G02895134	ASOC VECIÑAL A FONTE CANTODAREA-ESTRIBELA
157	2024083830	G36135754	ASOC DE VECINOS AGUSTIN ROMERO
158	2024083834	G36358174	ASOC CULTURAL XEADA
159	2024083844	G36353795	ASOC SAN SALVADOR
160	2024083864	G36309151	ASOCIACION DE VECIÑOS BLARQUEIROS DE NOCEDA
161	2024083872	G36453728	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E PARADANTA
162	2024084073	G36477628	AVV O EIXO DE SOUTOXUSTE
163	2024084084	G36523223	ASOCIACION VECIÑAL DE CORRIGATOS - MORAÑA
164	2024084102	G94155298	ASOCIACIÓN COLECTIVO ESPAZO 16
165	2024084103	G36169860	ASOCIACION DE VECIÑOS XABRIÑA DE MONDARIZ



166	2024084106	G36103927	ASOC VECIÑAL SANTA MARIA DE PAZOS
167	2024084113	G36179851	ASOC DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE SALCEDA
168	2024084245	G36251866	ASOCIACION DE VECIÑOS SAN AMARO DE MENDUIÑA
169	2024084262	G36425841	ASOC DE VECIÑOS DESENVOLVEMENTO RURAL DE ALBERGUERIA
170	2024084276	G36028058	ASOCIACION CULTURAL CANDELAS
171	2024084284	G36306736	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL DE MOREIRA
172	2024084285	G94144128	ASOCIACION CULTURAL MOREIRA A TOPE
173	2024084289	G94202470	ASOC VECIÑAL DEPORTIVA CULTURAL E XUVENIL ARCANGEL SAN MIGUEL
174	2024084303	G36160075	ASOCIACION DE VECIÑOS 8 DE DECEMBRO SOUTOMAIOR
175	2024084305	G36187490	ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO
176	2024084306	G36515492	ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DA LUZ DE CASTELÁNS
177	2024084315	G36214302	AAVV SAN BENITO DE ROMARIZ
178	2024084319	G36341113	ASOCIACION DE MAIORES DE PONTEAREAS
179	2024084321	G36021434	ASOCIACION DE VECIÑOS PE DA MUA
180	2024084448	G36211993	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO
181	2024084457	G36288348	CENTRO CULTURAL DEPORTIVO E SOCIAL O COTO
182	2024084463	G36649374	ASOC DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCABRE
183	2025000005	G36289064	ASOCIACION ANDAINA DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE REDONDELA
184	2025000009	G36033371	CASA CULTURAL ARTISTICA Y DEPORTIVA DE AREAS PUENTEAREAS
185	2025000125	G36058253	ASOCIACION DE VECIÑOS E CENTRO CULTURAL DA PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE NEGROS
186	2025000281	G94122703	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO FAMILIAR MEDRAR 2.º ADEFAM 2.1
187	2025000290	G36842284	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA
188	2025000292	G36586741	ASOC DE VECIÑOS A FIRGHA DE A SOMOZA
189	2025000293	G56818164	ASOCIACION CULTURAL LAR DE SOPAS
190	2025000297	G36355378	ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE CASTRO RAMIRO E CERNADELA
191	2025000299	G94133865	ASOCIACION CULTURAL REIRIZ 2016 A QUEIMADA
192	2025000302	G36044295	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL
193	2025000321	G94092764	ASOC VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA
194	2025000330	G36139160	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CUTIÁN - COTOBADE
195	2025000481	G75409243	ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL FONTE DE LALÍN DE ARRIBA



196	2025000505	G94095890	ASOCIACION DE VECIÑOS DE MONEIXAS
197	2025000542	G44862407	ASOCIACION VECIÑAL DE PRADERREI
198	2025000638	G36153344	ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI
199	2025000764	G28197564	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER
200	2025000779	G36527745	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA
201	2025000780	G27753367	FUNDACION FORMAVIGO
202	2025000792	G36684991	ASOC DE VECINOS AS FONTES DE LAVADORES
203	2025000967	G94081809	ASOCIACION MUSICAL CULTURA TIRANTE
204	2025000980	G94099389	ASOCIACION CULTURAL LAXE DAS CRUCES
205	2025000991	G36039287	CENTRO CULTURAL Y SOCIAL DE HERVILLE MOS
206	2025001009	G36648608	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA
207	2025001022	G36018042	CIRCULO CULTURAL ABRENTE

Relación de un total de 60 solicitudes en lista de agarda:

ORDE	CÓD. EXPEDIENTE	CIF	NOME DA ASOCIACIÓN
1	2025001034	G36354199	ASOC SOCIO CULTURAL E DEP DE VECIÑOS E AMIGOS DE SANTIAGO DE CAROI
2	2025001227	G94151081	ASOC DE VECIÑAS E VECIÑOS AMEIXOA
3	2025001235	G06814198	ASOCIACION CONCIENCIA GALICIA
4	2025001246	G36376374	ASOC DE VECIÑOS DE SAN VICENTE E CANEDO
5	2025001262	G36191245	ASOCIACION DE VECINOS SALCEDO-NORTE
6	2025001264	V36658680	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO
7	2025001267	G36130565	AA. VV. PARDAVILA DE SAN JULIAN
8	2025001458	G36369494	ASOCIACION ASPADEZA
9	2025001460	G36331114	ASOC DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DOS VALES ULLA-UMIA ASDIVALU
10	2025001420	G36805158	ASOCIACION CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES
11	2025001428	G72455249	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL DE CACHEIRO
12	2025001431	G27746486	ASOCIACION XARUMA
13	2025001433	G36691855	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS
14	2025001434	G36257392	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CABANOIRO
15	2025001450	G36632081	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR



16	2025001461	G36704195	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA
17	2025001463	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
18	2025001469	G36469021	ASOC DE VECINOS SAN MAMED DE TORROSO - MOS
19	2025001472	G36031292	ASOC CULTURAL DORNA
20	2025001473	G36116275	ASOC DE VECINOS SAN ANTONIO DE ARBO
21	2025001478	G36289130	ASOC.AGRUP.CULTURAL DEPORTIVA CHAN DO MONTE DE SAN VICENTE DE CERPONZONES
22	2025001484	G36417251	FUNDACION PAZO DE MOS
23	2025001487	G36101905	ASOC DE VECIÑOS DE CABREIRA-XERMEN-SALVA
24	2025001491	G36651073	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL
25	2025001493	G94176575	ASOC. CULTURAL E ARTISTICA OS CONTENTOS
26	2025001495	G36060390	ASOC VECINOS EL MIRADOR MONTEPORREIRO
27	2025001499	G36597334	ASOCIACION DE VECIÑOS DE ALXAN
28	2025001504	G36107332	A DE VECINOS NOSA TERRA DE LA PARROQUIA
29	2025001508	G36659894	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE
30	2025001513	G36062081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CHAPELA
31	2025001515	G94044500	ASOCIACIÓN DO CENTRO CULTURAL DE FOZARA
32	2025001518	G36188977	ASOC DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE LAMELA
33	2025001519	G94159035	ASOCIACION DE VECIÑOS DE CATASOS
34	2025001526	G94098282	ACV AXOUXERE DE FIESTRAS
35	2025001528	G36142685	ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS
36	2025001530	G36024289	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA
37	2025001534	G56379043	ASOC DE VECIÑOS ESPÍÑEIRA-SANCIBRAN
38	2025001543	G36349744	ASOC DE MULLERES DE CHAPELA AGARIMO
39	2025001544	G36016640	CENTRO CULTURAL LA FERIA
40	2025001546	G36472025	ASOC DE VECINOS S MIGUEL DE VILADESUSO OIA
41	2025001549	G36284321	ASOCIACION VECINOS PARROQUIA DE BORA
42	2025001550	G36154813	ASOC VECIÑOS BARRIO DE SARAMAGOSO
43	2025001552	G36403905	ASOCIACIÓN CULTURAL TRALOVALO
44	2025001556	G36148534	ASOC VECINOS SAN JUAN DE DORRON SANXENXO
45	2025001747	G56202187	FUNDACIÓN OFIR VIDA
46	2025001756	G36801876	ASOC. DE JOVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD
47	2025001758	G36535318	ASOC DE VECIÑOS CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA DE SAN SALVADOR DE SOBRADA
48	2025001767	G36950749	ASOC CENTRO CULTURAL E SOCIAL DE BAHIÑA
49	2025001770	G94127883	ASOC CONTRA O MALTRATO ESMAR MALTRATO CERO



50	2025001775	G36322881	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ANGOARES
51	2025001778	G36455178	ASOC XUBILADOS E PENSIONISTAS CALDENSES
52	2025001783	G36163186	ASOC DE VECINOS O CAMPO- MARIN
53	2025001797	G36648988	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS
54	2025001803	G27739861	ASOC CULTURAL TRASPES
55	2025001805	G36362994	AAVV SANTA CRISTINA DE COBRES
56	2025001816	G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING
57	2025001818	G36177889	ASOC DE VECINOS DE SAN MAMED DE TRABANCAS
58	2025001828	G36633428	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS
59	2025001829	G36059368	ASOCIACION VECINOS CASELAS
60	2025001836	G36654184	ASOCIACION VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES

Relación de un total de 52 solicitudes desestimadas:

ORD E	CÓD. EXPEDIENTE	CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	2024082852	44659022Z	ELIZABETH FERRADAS SOMOZA FERRADAS SOMOZA	Non subsanan tras requirimento
2	2024084310	G94116027	ASOCIACION DE VECIÑOS SAN BRAIS DE VINSEIRO	Non subsanan tras requirimento
3	2025000319	G72806359	ASOCIACIÓN FEMINISTAS DE CATOIRA	Non subsanan tras requirimento
4	2025000514	G36690360	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Non subsanan tras requirimento
5	2025000642	G36391019	ASOC DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE ARBO	Non subsanan tras requirimento
6	2025000643	G94196698	ASOC DE VECIÑOS E AMIGOS KENCHODIRIA DE BARCELA	Non subsanan tras requirimento
7	2025001031	G36588812	ASOCIACIÓN CULTURAL O ARCO DE VILANOVA	Non subsanan tras requirimento
8	2025001228	G36050508	ASOC CENTRO CULTURAL E SOCIAL CASTRO BARREIRO	Non subsanan tras requirimento
9	2025001457	G94201118	ASOCIACIÓN CULTURAL CERDEDO VILA	Non subsanan tras requirimento
10	2025001539	G36335636	CENTRO CULTURAL ANTORCHA DE CRISTIÑADE	Non subsanan tras requirimento
11	2025001752	G94076155	ASOC. DE MULLERES RURAIS DE TOEDO-ALBORADA	Non subsanan tras requirimento
12	2025001762	G09864307	ASOC ARTE Y PINTURA LOREM	Non subsanan tras requirimento
13	2025001765	G36558195	ASOCIACION DE VECIÑOS DE STA. EULALIA DE LOSON	Non subsanan tras requirimento
14	2025001793	G36217552	ASOCIACION AMAS DE CASA TEMPORAS	Non subsanan tras requirimento



15	2025001799	G06833511	ASOCIACION LANERAS CASCABELERAS	Non subsanan tras requirimento
16	2025001812	G94004462	ASOC. DE VECIÑOS DE XENDE E PARADELA	Non subsanan tras requirimento
17	2025001825	G94158045	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAXEDO	Non subsanan tras requirimento
18	2025001242	G36617082	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	Renuncia
19	2024082857	G36581106	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DE FONTAO	Duplicada
20	2024083809	G36052843	ASOC. FAMILIAS E MULLERES RURAIS DEZA	Duplicada
21	2024083874	G36477628	AVV O EIXO DE SOUTOXUSTE	Duplicada
22	2024084278	G36028058	ASOCIACION CULTURAL CANDELAS	Duplicada
23	2024084320	G36021434	ASOCIACION DE VECIÑOS PE DA MUA	Duplicada
24	2024084449	G36211994	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
25	2024084450	G36211995	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
26	2024084451	G36211996	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
27	2024084452	G36211997	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
28	2024084453	G36211998	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
29	2024084454	G36211999	ASOC VECIÑAL E CULTURAL SAN XOAN DE FORNELOS E LOURIDO	Duplicada
30	2025000010	G36355345	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS OS PAZOS	Duplicada
31	2025000280	G94122702	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO FAMILIAR MEDRAR 2.0 ADEFAM 2.0	Duplicada
32	2025000282	G94122704	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO FAMILIAR MEDRAR 2.0 ADEFAM 2.2	Duplicada
33	2025000320	G72806360	ASOCIACIÓN FEMINISTAS DE CATOIRA	Duplicada
34	2025000515	G36690360	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
35	2025000516	G36690361	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
36	2025000518	G36690362	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
37	2025000519	G36690363	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
38	2025000520	G36690364	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
39	2025000521	G36690365	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada
40	2025000522	G36690366	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES	Duplicada



41	2025000531	G36164804	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS EMILIA PARDO BAZÁN	Duplicada
42	2025000802	G36445708	ASOCIACION DE AMAS DE CASA "ALBARIÑO" CAMBADOS	Duplicada
43	2025001037	G94190998	ASOCIACIÓN DE MULLERES DE VILABOA	Duplicada
44	2025001455	G36207827	ASOC DE MULLERES RURAIS DE CASTRO A ESTRADA	Duplicada
45	2025001498	G36597334	ASOCIACION VECIÑOS DE ALXAN	Duplicada
46	2025001744	G56202187	FUNDACION OFIRVIDA	Duplicada
47	2025001748	G56202187	FUNDACIÓN OFIR VIDA	Duplicada
48	2025001754	G56202187	FUNDACIÓN OFIR VIDA	Duplicada
49	2025001768	G36050037	ASOCIACION DE VECINOS SANTA MARINA DA RIBEIRA	Duplicada e non subsanan tras requirimento
50	2025001769	G36050037	ASOCIACION DE VECINOS SANTA MARINA DA RIBEIRA	Duplicada e non subsanan tras requirimento
51	2025001773	G36050037	ASOCIACION DE VECINOS SANTA MARINA DA RIBEIRA	Duplicada e non subsanan tras requirimento
52	2025001506	G36178697	AA VV SAN PEDRO DE GAXATE	Non subsanan tras requirimento

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME RESIDENCIAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025-2026 (Expediente 2025002226)

Dende o Centro Príncipe Felipe elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"No ano 1976 inaugurouse a Cidade Infantil Príncipe Felipe, da cal é titular a Deputación de Pontevedra, o centro está situado na parroquia de Mourente, avenida de Montecelo nº 16, do Concello de Pontevedra.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión



social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

As peculiaridades derivadas da propia historia, pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente, explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de centro con fogares.

Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Atención Residencial.

Este servizo de acollemento residencial ten como finalidade atender a aquelas persoas menores procedentes de familias con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos servizos sociais comunitarios dos concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da administración autonómica.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime residencial para o curso 2025/2026.

Vista a proposta de inicio do expediente da tramitación administrativa das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025 - 2026, asinada pola Deputada Delegada de área, e a coordinadora xeral do CPF, con data 28 de xaneiro de 2025 (CSV: M7QHRNL2IK4LJ4HG) e o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11/03/2025 (CSV: PZ6G3O1GWFGX9YB1) no cal se indica que o custe estimado para a prestación deste programa de atención residencial, de carácter básico, para 23 prazas establécese a razón 14,65 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, ascendería a cantidade aproximada de 74.129,00 €.

Resultando que, con data 17/03/2025 (CSV: 722U14DORo9PLNOM) o Sr. Secretario Xeral contesta a petición de solicitude do centro xestor sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo e; visto o informe emitido pola Intervención, de data de 17/03/2025 (CSV: UP3YNROMLB1RN9Y1), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que



o gasto imputable ó exercicio 2026 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Estas bases apróbanse na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025 e e posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 64 de 3 de abril de 2025.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME RESIDENCIAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025-2026

A Deputación de Pontevedra dispón, entre os seus recursos, do Centro Príncipe Felipe, de carácter educativo e social, inaugurado no ano 1976 e onde se lles dá atención residencial e de día a nenas, nenos e adolescentes. O obxectivo da institución é mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

No artigo 39 da Constitución española contéplase, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, e sinálase igualmente que as nenas, nenos e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que se inclúen os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os dereitos do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde xaneiro de 1991.

Ao abeiro do disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, onde se recolle a obriga que teñen os poderes públicos de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, as nenas, nenos e adolescentes, así como na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no Decreto 329/2005, de 28 xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a institución provincial creou no Centro Príncipe Felipe un equipamento propio para a atención residencial e a de día de menores procedentes da provincia de Pontevedra.

Desde este organismo desenvólvese, de forma autónoma, o labor de protección mediante a prestación de servizos a menores nos réximes de internamento e centro de día, prestación que xa se levaba a cabo antes da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, sen prexuízo do recollido nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola comunidade autónoma das competencias relativas á educación, á saúde e aos servizos sociais.

A Deputación de Pontevedra, a través do Centro Príncipe Felipe, desenvolve un proxecto socioeducativo que, mediante un conxunto de tarefas e actividades que se complementan entre si, lle dá un sentido integral á intervención coas e cos menores e coas súas familias na procura de alcanzar os seus obxectivos, tal e como se recolle no Regulamento de réxime interno do Centro Príncipe Felipe, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 51, de 13 de marzo de 2018.

Este programa de atención residencial, que está dirixido á cidadanía dos concellos da provincia de Pontevedra, ten como finalidade atender aquelas persoas menores procedentes de familias vulnerables con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos departamentos de servizos sociais



comunitarios destes concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da Xunta de Galicia.

Este servizo de acollemento residencial ten como obxectivo:

- *Favorecer os procesos de integración a nivel individual e grupal promovendo un cambio de actitudes e condutas para permitir unha incorporación social eficaz.*
- *Asesorar e orientar menores e familias sobre problemas ou necesidades concretos.*
- *Proporcionar estratexias e recursos para afrontar situacións problemáticas e/ou de risco social.*
- *Garantir a satisfacción das necesidades básicas das e dos menores cunhas condicións de saúde, hixiene e nutrición axeitadas.*
- *Colaborar coas familias na protección e na educación.*
- *Facilitar a apertura das e dos menores cara ás demais persoas, así como contribuír a unha relación positiva coa súa contorna.*

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no Regulamento de organización e funcionamento institucional do Centro Príncipe Felipe e na demais normativa aplicable, confecciónanse estas bases e a convocatoria con fundamento nas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión no réxime de atención residencial nos centros de acollemento do Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026 e definir os aspectos relacionados co funcionamento do centro.

Segunda. Persoas destinatarias

1. *Esta convocatoria está destinada a aquelas persoas menores que, procedentes de familias vulnerables en situación de risco psicosocial e correspondentemente avaladas polos departamentos de servizos sociais dos seus respectivos concellos, precisan dunha medida de apoio que permita mellorar o medio familiar e garanta a atención integral das necesidades da nena, neno ou adolescente.*
2. *Para poder ser adxudicatarias dunha praza en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe, as persoas menores deberán cumprir os seguintes requisitos:*
 - a) *Estar empadroadas e residir de xeito efectivo nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.*
 - b) *Ser derivadas polos departamentos de servizos sociais dos diferentes concellos da provincia.*
 - c) *Estar matriculadas ou acreditar a reserva de praza nun centro escolar.*
 - d) *Ter entre 6 e 15 anos no momento do ingreso.*
3. *O límite máximo de idade establecido no punto anterior poderá ampliarse ata os 18 anos naqueles casos de menores xa residentes na convocatoria inmediatamente anterior.*

O límite máximo de idade establecido poderá ampliarse ata os 21 anos unicamente naqueles casos de menores xa residentes que se atopen escolarizados, ao preverse que a súa escolarización chegará a bo termo. Os casos expostos para a ampliación da idade máxima no recurso residencial terán sempre carácter excepcional e aplicaranse exclusivamente para os efectos de remate de estudos iniciados ou de formación laboral, e sempre que a valoración realizada polo equipo técnico do centro sexa positiva.
4. *Non poderán beneficiarse deste programa de atención residencial:*



- *As nenas, nenos e adolescentes que se atopen en posible situación de desamparo e, polo tanto, sexan susceptibles de estar suxeitos á xurisdición da Xunta de Galicia.*
- *As persoas menores con trastornos mentais ou de conduta graves, problemas de adicción ou graves trastornos do desenvolvemento, entre outros.*
- *As persoas menores en situación de dependencia que non se poidan integrar axeitadamente nas unidades de convivencia.*
- *As persoas menores que procedan de unidades familiares con ingresos que sexan superiores aos seguintes límites:*
 - o *Unidade familiar de 2 membros: 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).*
 - o *Unidade familiar de 3 membros: 3,5 veces o IPREM*
 - o *Unidade familiar de 4 ou máis membros: 4 veces o IPREM*

Para a admisión ou a exclusión desta convocatoria teranse en conta os ingresos correspondentes ao ano 2023.

Calquera solicitude que presente algunha das condicións anteriores non será susceptible de baremación.

Terceira. Adxudicación das prazas

As persoas usuarias do recurso no curso 2024-2025 terán dereito á reserva da praza, sen someterse á baremación recollida nestas bases, sempre e cando presenten a solicitude de renovación no prazo ordinario establecido nelas e existan prazas vacantes no centro de destino.

En todo caso, deberán cumprir os requisitos establecidos na base segunda para ser consideradas persoas destinatarias e contar coa conformidade do equipo técnico do centro de acollemento.

As solicitudes de renovación presentadas fóra do prazo ordinario non terán dereito á reserva de praza.

As solicitudes de novo ingreso baremaranse de acordo co establecido nestas bases.

Cuarta. Servizos e prestacións ofertadas

As persoas que resulten adxudicatarias dunha praza en réxime residencial disporán dos seguintes servizos e prestacións durante a permanencia nos seus centros de acollemento:

- **Aloxamento diúrno e nocturno** (agás de venres a luns, de conformidade coas limitacións establecidas na base sexta deste procedemento). Contarán cunha contorna espacial ampla e segura, cunhas instalacións externas convenientemente dispostas para o xogo e a recreación, e cunhas unidades de convivencia moi amplas, adaptadas ás disposicións vixentes.
- **Atención durante o curso lectivo**, segundo o calendario establecido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade para cada curso escolar, **por parte de persoal educativo con ampla experiencia**, que lles ofrece atención personalizada, seguimento, apoio escolar...
- **Servizo básico de manutención**, con cobertura alimentaria e cociña xeral propia (almorzo, xantar, merenda e cea durante os días de permanencia) e hixiénica (hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluídos os útiles de aseo persoal).
- **Atención médica de primeira asistencia**, cos recursos propios do centro a través da unidade de enfermería.
- **Servizo de atención psicolóxica propio**, orientación e intervención psicolóxica.
- **Servizo de traballo social propio**, seguimento e colaboración na normalización da dinámica familiar, realización de trámites administrativos...
- **Seguimento e apoio escolar**, incluídos os materiais educativos e didácticos.



Para tales efectos, resulta imprescindible que a familia tramite debidamente a axuda para a compra de libros de texto ou a solicitude para acceder ao posible fondo solidario destinado ao alumnado, e a axuda para material funxible.

De resultar insuficiente o importe correspondente á devandita axuda, o Centro Príncipe Felipe asumirá o gasto para a adquisición de libros de texto ou material escolar, tendo en conta os límites previstos no orzamento da institución.

- **Servizo de transporte**, na medida en que os recursos cos que conta o propio centro permitan a súa realización (desprazamentos ao propio domicilio as fins de semana e festivos e a súa posterior recollida para regresar ao Centro Príncipe Felipe, así como desprazamentos ao centro escolar onde estea matriculado a ou o menor).
- **Organización de actividades extraescolares** recreativas, formativas, transversais (especialmente de igualdade e de valores ambientais), complementarias, de apoio escolar e outras.
- **Roupa e calzado**, tendo en conta os límites previstos no orzamento da institución.

Con carácter xeral, non se inclúen neste apartado os gastos para adquirir fármacos nin os gastos médicos (odontolóxicos, oftalmolóxicos etc.).

Quinta. Calendario, horario de atención e duración da prestación

1. Calendario

A atención en réxime residencial realizarase durante os días lectivos do calendario escolar que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade aprobe para o curso 2025-2026. Para estes efectos, consideraranse como o primeiro e o último día lectivo do curso aqueles que na orde de calendario escolar da devandita consellería se establezan como de inicio e remate da impartición efectiva de clases para os diferentes niveis e réximes de ensinanzas.

Para os efectos do réxime residencial recollido nestas bases, os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos, con carácter xeral e a criterio do equipo técnico, os días considerados festivos no calendario laboral e os non lectivos do calendario escolar.

Calquera alteración do calendario establecido nos apartados anteriores deste punto que se produza nos períodos estivais de verán, Nadal, Semana Santa e Entroido e que supoña un incremento nos días de atención, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- *Presentar por rexistro unha solicitude debidamente motivada, na que se acheguen as xustificacións pertinentes, cunha antelación mínima de quince (15) días para o seu trámite.*
- *Achegar unha valoración favorable da traballadora social, tras escoitar o equipo educativo da unidade de referencia da persoa menor. Esta valoración, en todo caso, deberá contar coa conformidade da Dirección do centro, segundo as posibilidades organizativas.*

2. Atención horaria

Sen prexuízo do establecido no punto anterior, a atención horaria das persoas que resulten adxudicatarias dunha praza en réxime residencial será, de xeito ininterrompido, durante as 24 horas do día.

3. Duración da prestación en réxime residencial

Con carácter xeral, a duración da prestación en réxime residencial para aquelas persoas que resultasen adxudicatarias dunha praza en centros de acollemento do Centro Príncipe Felipe, segundo as condicións establecidas nestas bases, será dun curso escolar.



4. Prestación do servizo e adopción de medidas específicas orientadas a protexer a saúde e a seguridade das persoas

No caso de situacións que requiran medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade das persoas, a atención no Centro Príncipe Felipe estará supeditada, ademais de a todos os extremos recollidos nos puntos anteriores, a todas as disposicións derivadas do modelo educativo que establezan as autoridades competentes para o curso 2025-2026 e ás medidas adoptadas no antedito centro.

Sexta. Número de prazas ofertadas

*O número total de prazas ofertadas en réxime residencial é de **vinte e tres** (23). A distribución destas, segundo os tramos de idade, é a seguinte:*

- a) Desde os 6 ata os 8 anos: 3 prazas.*
- b) Desde os 9 ata os 16 anos: 20 prazas.*

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

- 1. As solicitudes deberán realizarse a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).*
- 2. Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*
- 3. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNle).*
- 4. A solicitude terá que estar asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a autorización da ou do proxenitor que non presente a solicitude, agás que a patria potestade lle estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos os casos, será necesario achegar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para que o Consello Coordinador de Centros de Acollemento a cotexe.*

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte hábil ao de publicación destas bases no BOPPO. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil.

Novena. Comprobación de datos

- 1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*
 - DNI/NIE das persoas solicitantes.*
 - Certificación de residencia da ou do solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar.*



- *Certificación de nivel de renda relativo ao ano fiscal de 2023 da ou do solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar.*
- *Datos de convivencia actual.*

E, no caso de que sexan de aplicación, consultaránse os seguintes documentos da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar:

- *Certificado acreditativo de discapacidade.*
- *Certificado de estar inscrita como demandante de emprego na data actual.*
- *Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade.*
- *Certificado das percepcións da renda de inclusión social de Galicia (RISGA).*

2. Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

Documentación obrigatoria:

- 1. Relación das persoas integrantes da unidade familiar e comprobación de datos (anexo I).*
- 2. Copia do libro de familia ou do certificado de nacemento.*
- 3. Rexistro de vacinacións.*
- 4. Certificado de matrícula escolar ou fotocopia da solicitude de praza para o próximo curso.*
- 5. Informe social dos servizos sociais comunitarios do Concello no que se estableza a idoneidade do recurso.*

Naqueles casos de persoas menores que estivesen matriculadas no curso 2024-2025, non será preciso que presenten a documentación recollida nos puntos 2, 3 e 4, agás que exista algunha modificación da súa situación.

Documentación obrigatoria, de ser o caso:

- 1. Autorización para a presentación da solicitude da ou do proxenitor que non presenta a solicitude, no caso de situacións de separación ou divorcio.*
 - 2. Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, no caso de estar formalizada a devandita inscrición.*
 - 3. Acreditación de familia monoparental, a través do certificado emitido pola Xunta de Galicia ou da correspondente declaración responsable conforme se está tramitando (xunto co xustificante da súa tramitación), e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.*
 - 4. Certificado de solicitude de protección internacional ou documento análogo.*
 - 5. Certificado médico, no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións da unidade familiar.*
 - 6. Resolución de recoñecemento de discapacidade e/ou dependencia.*
 - 7. Informe da unidade de saúde mental sobre a ou o menor.*
 - 8. Copia da sentenza ou do convenio regulador, no caso de separación ou divorcio legal.*
- 2. A documentación presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a mostra do documento orixinal cotexalo coa copia electrónica presentada.*



3. En caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

4. Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

5. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Décimo primeira. Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario. Tratamento de diversas situacións

Enténdese por prazo ordinario o período de tempo establecido na base oitava para a presentación de solicitudes. En consonancia, as solicitudes presentadas fóra deste prazo terán o seguinte tratamento:

a) Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario con anterioridade ao 1 de setembro

Analízanse e, de estar completa a documentación, baremaranse nunha sesión extraordinaria do Consello Coordinador de Centros de Acollemento convocada para o efecto, entre o 15 e o 30 de setembro.

- As prazas adxudícaranse en función das vacantes existentes por tramos de idade, sempre por orde de puntuación de acordo cos criterios de baremación indicados na base décimo sétima.
- De non haber prazas vacantes, farase unha **lista de agarda única**, en función da puntuación xeral obtida nos procesos de baremación.

b) Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario con posterioridade ao 1 de setembro e ata o 15 de xaneiro

Analízanse e, de estar completa a documentación, baremaranse nunha sesión extraordinaria do Consello Coordinador de Centros de Acollemento convocada para o efecto, entre o 15 e o 30 de xaneiro do ano seguinte ao desta convocatoria.

Terán o mesmo tratamento establecido no apartado anterior deste punto, no referente á adxudicación das prazas e á realización da lista de agarda.

c) Solicitudes que, por circunstancias sobrevidas e de demostrado carácter urxente, se presenten fóra do prazo ordinario unha vez iniciado o curso académico.

Terán o mesmo tratamento establecido nos apartados anteriores deste punto.

Correspóndelle ao Consello Coordinador de Centros de Acollemento considerar a posibilidade de realizar outras convocatorias de baremación, en función da dispoñibilidade de prazas.

Décimo segunda. Publicación de actos

Esta convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Segundo o previsto no artigo 45.1 b) da devandita lei, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúen as relacións provisionais e definitivas de persoas excluídas e admitidas, serán obxecto de publicación,



que producirán os efectos de notificación, a través da páxina web e da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Información

Para resolver dúbidas ou ampliar información da documentación que se debe presentar, as persoas interesadas poderán chamar ao teléfono 986 804 100 (extensións 41024 e 41004).

Décimo quinta. Tramitación dos expedientes de solicitude

1. O Consello Coordinador de Centros de Acollemento do Centro Príncipe Felipe, como órgano responsable da tramitación dos expedientes de solicitude de praza en réxime residencial, comprobará que reúnen os requisitos recollidos nestas bases e verificará a existencia da documentación acreditativa.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra e na Sede electrónica; concederase un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir da data de publicación da lista na páxina web, para que a persoa interesada emende as faltas ou achegue os documentos non presentados, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa petición.

2. Aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos de aceptación establecidos na base segunda non serán baremadas e aparecerán na lista provisional como non aceptadas ou excluídas, e indicarse o motivo que xustifica a situación de non aceptación ou exclusión.

3. Ademais, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento poderá reclamar, en calquera momento, de forma motivada, todos aqueles datos e a súa debida acreditación documental que considere necesarios para realizar a súa función de forma máis eficaz.



A non presentación desta documentación requirida no prazo indicado impedirá a acreditación do criterio ou criterios afectados e, en consecuencia, a súa valoración para os efectos de determinar a puntuación.

4. Para que o persoal de psicoloxía e o de traballo social avalíen e realicen o seu informe para a sesión de baremación, será imprescindible que a solicitude presentada estea completa. Para a valoración, que se fará presencialmente, será necesario que participen as e os responsables legais da persoa menor.

Décimo sexta. Consentimentos e autorizacións

1. A tramitación do procedemento de solicitude de praza, a súa análise e, no seu caso, a súa baremación requiren o uso de datos persoais. No suposto de que as persoas interesadas non se opuxesen ás devanditas consultas, os datos que figuran na base novena serán obxecto de comprobación.

2. Co fin de que as e os profesionais poidan realizar a súa intervención coas persoas menores para as que se solicita unha praza, as e os responsables legais destas deberán cubrir e entregar os consentimentos, as autorizacións e os informes imprescindibles que se enumeran a continuación:

- a. Autorización de saídas do centro para realizar actividades externas.*
- b. Documento de compromiso da familia ou responsables legais da persoa menor.*
- c. Autorización para a inclusión de nomes e imaxes da persoa menor nos medios de comunicación.*
- d. Autorización para asistir ás titorías do centro escolar en casos excepcionais debidamente xustificadas e, de ser o caso, para coñecer as cualificacións da ou do menor.*
- e. Documento acreditativo de alerxias médicas e/ou alimentarias, ou da existencia de enfermidades crónicas ou infecto-contaxiosas.*
- f. Autorización, de ser o caso, para viaxar sen acompañamento no autobús.*
- g. Consentimento informado para a avaliación psicolóxica da ou do menor.*
- h. Calquera outra autorización, consentimento ou informe acreditativo que os servizos dos centros estimen oportuno solicitar para desempeñar o seu traballo.*

3. Estes documentos deberán cubrirse e entregarse no momento en que sexan requiridos polos centros e profesionais e, en todo caso, na primeira semana contada a partir da data do ingreso no recurso.

Décimo sétima. Valoración das solicitudes. Resolución das situacións de empate

1. O Consello Coordinador de Centros de Acollemento será o órgano encargado de realizar a valoración das solicitudes presentadas para adxudicar as prazas en réxime residencial do Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026.

2. A selección das solicitudes e a orde de admisión efectuaranse en función da puntuación total acadada segundo o baremo establecido nestas mesmas bases. A todas as solicitudes recibidas aplicaráselles un procedemento de valoración, agás ás das persoas usuarias do recurso no curso 2024-2025, que se renovarán automaticamente.

A puntuación total acadada conforme aos criterios e ás valoracións establecidos nestas bases determinará a orde de admisión.

No caso de empate na puntuación final, cando o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas e a situación se produza entre as candidaturas á última praza ofertada no mesmo tramo de idade no centro, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento resolverá atendendo á maior puntuación obtida nos seguintes criterios, por orde de preferencia:



- 1.º *Mayor puntuación no criterio de situación económica.*
- 2.º *Acreditación e valoración do criterio da existencia de irmá ou irmán con praza no Centro Príncipe Felipe.*
- 3.º *Condición de familia monoparental.*
- 4.º *Mayor puntuación no apartado de concorrencia de discapacidade ou enfermidade crónica ou dependencia.*

Se, despois de aplicar os anteriores criterios por orde de preferencia, persistise a situación de empate, este consello resolverá a situación aplicando o resultado dun sorteo público, que consistirá en extraer o nome dunha das persoas candidatas á praza dunha urna ou mecanismo similar onde previamente se introduciron os nomes de todas as persoas afectadas polo empate.

Décimo oitava. Criterios de baremación e documentación acreditativa

Para a valoración e a baremación das solicitudes presentadas para obter unha praza en réxime de atención residencial no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026, o Consello Coordinador de Centros de Acollimento atenderá a dous criterios: a situación económica e a situación sociofamiliar.

1. Situación económica

1.1. Quedarán excluídos do procedemento todos os casos nos que a unidade familiar teña ingresos superiores aos límites marcados no punto 4 da base segunda, para o cal se terán en conta os ingresos da unidade familiar correspondentes ao exercicio do ano 2023.

Para estes efectos, a situación económica acreditarase a través do seguinte:

- a) *A declaración do IRPF do ano 2023 de todos os membros computables da unidade familiar suxeitos a tributación.*
- b) *No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2023, será imprescindible achegar un certificado de ingresos correspondentes a 2023 expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- c) *De non contar xustificadamente cos datos esixidos nos dous apartados inmediatamente anteriores, será necesario achegar a xustificación de pensións non contributivas ou de prestacións sociais (RISGA, integración familiar, subsidios e axudas a persoas emigrantes retornadas) e, se é o caso, de pensións procedentes do estranxeiro. Todos estes documentos corresponderanse co exercicio fiscal do ano 2023.*
- d) *Certificado de solicitude de protección internacional ou documentación análoga.*

En todo caso, exceptuaranse no cómputo de recursos económicos os ingresos por prestacións da Seguridade Social por filla ou fillo a cargo e as axudas de carácter finalista; entenderanse como tales as axudas de emerxencia social, de adquisición de vivenda ou aluguer, as bolsas e calquera outra concedida para cubrir unha necesidade específica da unidade familiar.

1.2. Para os efectos destas bases, no referente á valoración do criterio económico, considérase que a unidade familiar está integrada por:

- a) *Os cónxuxes non separados legalmente ou as parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia; cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída pola nai, pai, persoa titora ou representante legal e todas as fillas e fillos que convivan con eles.*



- b) *As fillas e fillos menores de idade, con excepción das e dos menores que, con consentimento das nais, pais ou persoas titoras, vivan independentemente.*
- c) *As fillas e fillos maiores de idade dependentes.*

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas as fillas e fillos que residan habitualmente cun ou co outro e que reúnan os requisitos anteriormente mencionados. En casos de custodia compartida, entenderase por renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude e que cumpran os requisitos mencionados.

1.3. Os ingresos da unidade familiar determinaranse sumando a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración de renda conxunta ou, de ser o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar suxeitos a tributación. O importe anterior resultante dividirase polo número de membros computables da unidade familiar, e así obterase a renda anual per cápita. Para calcular a renda mensual per cápita, dividirase entre doce.

1.4. A aquelas solicitudes que non superen o límite de ingresos da unidade familiar establecido no apartado 1.1 aplicaráselles a seguinte escala na súa baremación:

- a) Do IPREM per cápita ata o seu dobre ou superior..... 0 puntos*
- b) Do 75 % ata o IPREM per cápita..... 1 punto*
- c) Do 50 % ata o 75 % do IPREM per cápita..... 2 puntos*
- d) Do 25 % ata o 50 % do IPREM per cápita..... 3 puntos*
- e) Inferior ao 25 % do IPREM per cápita..... 4 puntos*

1.5 A non presentación da documentación esixida para valorar a situación económica terá como resultado inmediato a non aceptación da solicitude por imposibilidade de aplicar os criterios de baremación (e así se motivará na lista provisional), xa que para programar as entrevistas do persoal de psicoloxía e de traballo social coas familias requirirase que estea previamente determinada a situación de non exclusión por motivos económicos.

2. Situación sociofamiliar

2.1. Acreditación e valoración do criterio de existencia de irmá ou irmán con praza no Centro Príncipe Felipe

Para valorar este criterio, atenderase á seguinte distribución:

- Existencia de irmá ou irmán menor de 18 anos con praza no recurso do Centro Príncipe Felipe..... 1 punto*

Para acreditar documentalmente este criterio, será necesario presentar a fotocopia do libro de familia, a certificación do rexistro ou similar.

2.2. Acreditación e valoración do criterio de discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida igual ou superior ao 33 %, recoñecemento de dependencia ou enfermidade crónica

2.2.1 Para valorar este criterio, terase en conta a seguinte distribución:

- Nai..... ata 3 puntos*
- Pai..... ata 3 puntos*
- Fillas e fillos, incluídas as irmás ou irmáns..... ata 2 puntos*

Para concretar as porcentaxes e a puntuación, atenderase ao seguinte:



a) Para os casos da nai ou pai

- Discapacidade a partir do 33 % ata o 50 % e/ou dependencia en grao I 1 punto*
- Discapacidade desde o 50 % ata o 66 % e/ou dependencia en grao II 2 puntos*
- Discapacidade superior ao 66 % e/ou dependencia en grao III 3 puntos*

b) Para os casos das fillas ou fillos, incluídas irmás ou irmáns

- Discapacidade a partir do 33 % e ata o 66 % e/ou dependencia en grao I ou II 1 punto*
- Discapacidade superior ao 66 % e/ou dependencia en grao III 2 puntos*

En todo caso, o outorgamento da puntuación neste apartado será a máis beneficiosa para cada caso particular.

2.2.2 Para acreditar documentalmente este criterio presentaranse:

- Certificación do grao de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social ou, de ser o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.*
- Certificación médica das afeccións correspondentes.*

2.3. Acreditación e valoración do criterio da condición de familia monoparental

A valoración deste criterio é de 3 puntos.

A condición de familia monoparental acreditarase mediante o certificado de recoñecemento de familia monoparental ou coa correspondente declaración responsable de que se está tramitando o devandito certificado e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.

2.4. Acreditación e valoración de calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de ser valorada a xuízo do Consello Coordinador de Centros de Acollemento

O Consello Coordinador de Centros de Acollemento, á vista da información proporcionada na sesión de valoración e baremación por parte dos diferentes axentes, poderá valorar circunstancias apreciadas no contexto sociofamiliar que indiquen a idoneidade do recurso que se lles ofrece ás persoas solicitantes ou calquera outra debidamente acreditada tras analizar a información recibida.

A valoración, de producirse, oscilará na franxa de -4 ata +4 puntos.

2.5. Acreditación e valoración do informe do Servizo de Traballo Social da institución

A valoración do informe emitido polo Servizo de Traballo Social da institución computará entre 0 e 4 puntos.

A acreditación deste criterio realizarase a través da análise da documentación achegada e da información obtida polas ou polos profesionais nas súas visitas e contactos para realizar a valoración da persoa menor, da familia, da contorna e da conciliación laboral e familiar.

Estas visitas e contactos só se producirán cando as solicitudes reúnan as condicións de aceptación previstas.

2.6. Acreditación e valoración do informe do Servizo de Psicoloxía da institución

A valoración do informe emitido polo Servizo de Psicoloxía da institución computará entre 0 e 4 puntos.



A acreditación deste criterio realizarase a través da análise da documentación achegada e da información obtida polas ou polos profesionais nas súas visitas e contactos para realizar a avaliación da persoa menor e da familia.

Estas visitas e contactos só se producirán cando as solicitudes reúnan as condicións de aceptación previstas.

Para a devandita valoración psicolóxica, que se fará presencialmente, será necesario que participen as e os responsables legais da persoa menor, así como a sinatura do correspondente consentimento.

Décimo novena. Publicación de lista provisional de adxudicación de prazas

- 1. Unha vez baremadas as solicitudes e determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento publicará a relación nominal de todas as persoas solicitantes que acadaron praza, por orde da puntuación total obtida e por centros e tramos de idade.*
- 2. A lista provisional de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias de praza publicarase en www.depo.es. A lista tamén poderá consultarse na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.*
- 3. Na lista provisional aparecerán tamén, se fose o caso, as persoas non adxudicatarias de praza, as solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos e o motivo da non admisión. As persoas que non acadasen praza formarán parte da lista de agarda.*

Vixésima. Reclamacións á lista provisional de adxudicación de prazas

- 1. As persoas solicitantes que sexan excluídas ou omitidas poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas referentes á lista provisional de adxudicación de prazas.*
- 2. A reclamación, que se formalizará mediante o impreso que se achega con estas bases, dirixiráselle ao Consello Coordinador de Centros de Acollemento e presentarse no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra, nos mesmos termos que o previsto para a presentación de solicitudes; esta poderá formularse no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación en www.depo.es.*
- 3. De acordo coas garantías e cos límites da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.*

Vixésima primeira. Relación definitiva de adxudicación de prazas

- 1. A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas ás listas provisionais entenderase realizada a través das listas definitivas das persoas adxudicatarias e non adxudicatarias.*
- 2. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas á lista provisional, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento realizará unha proposta de lista definitiva, a cal enviará para a súa posterior aprobación e publicación.*
- 3. Con base na valoración das solicitudes efectuada polo devandito consello, mediante Resolución presidencial acordarase a relación das persoas admitidas en réxime residencial durante o curso 2025-2026, así como a das non admitidas e as causas da súa exclusión.*



4. De acordo coas garantías e cos límites da Lei orgánica 3/2018, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.

Vixésimo segunda. Obrigas das persoas adxudicatarias das prazas

As persoas que resulten adxudicatarias dunha praza en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Confirmar a praza ou a inscrición no centro correspondente, cando se lles requira.
- b) Comunicar a baixa ou a renuncia da praza, co fin de que a vacante poida ser cuberta, de ser o caso, con outra persoa da lista de agarda ou quedar á disposición do centro.
- c) Presentar, no momento no que se lles requira, as autorizacións e os consentimentos necesarios para levar a cabo a intervención coas persoas menores.
- d) Asinar a documentación que cada centro lles requira e proporcionar a información e a documentación complementarias necesarias.
- e) Asistir ás reunións que convoque cada centro con carácter informativo ou con motivo de intervencións concretas.
- f) Comunicar calquera cambio que se produza con respecto á situación persoal ou familiar que teña incidencia na intervención socioeducativa ou nos motivos de adxudicación de praza.
- g) Cumprir coas responsabilidades adquiridas no compromiso asinado co centro onde se obtivese a praza.
- h) Aceptar as intervencións que se establezan desde o centro por parte dos diferentes profesionais.

Calquera incumprimento destas obrigas poderá supoñer a anulación da praza adxudicada.

Vixésimo terceira. Recurso contra a resolución definitiva de adxudicación de prazas

Contra a resolución da entidade titular, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia da institución provincial, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de adxudicación de prazas no BOPPO (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

A lista de adxudicación de prazas poderá consultarse en www.depo.gal.

Vixésimo cuarta. Baixas: tipos e causas. Rexistro

1. Nas prazas adxudicadas polo procedemento de admisión en réxime residencial regulado por estas bases distinguíranse dous tipos de baixa:

- A petición da persoa interesada.
- De oficio.

2. Baixas a petición da persoa interesada

A persoa interesada que decida renunciar á praza adxudicada deberá presentar un escrito no Rexistro, no que indique os efectos da renuncia. Posteriormente, a entidade titular, que é a competente nestes casos, emitirá a resolución neste mesmo sentido.

3. Baixas de oficio



Consideraranse baixas de oficio todas aquelas que se produzan por un uso anómalo da praza adxudicada, por incumprimento da obriga de presentar a documentación esixida ou por desaproveitamento do recurso. Para estes efectos, as baixas de oficio aplicaranse cando se dea algunha destas circunstancias:

- a) Constatación da non incorporación ao centro, unha vez iniciadas as súas actividades, durante un período de sete días lectivos consecutivos, sen causa debidamente xustificada.*
- b) Constatación, en calquera momento do curso, de falta de asistencia, sen causa debidamente xustificada, durante sete días consecutivos ou doce descontinuos no período dun trimestre.*
- c) Constatación do incumprimento de achegar a documentación esixida e necesaria para desempeñar o labor organizativo do centro e a intervención socioeducativa ou de omitir as indicacións do centro.*
- d) Constatación do incumprimento dalgunha norma relacionada coa saúde.*
- e) Situacións que impliquen a incompatibilidade co mantemento da praza no recurso, ben por deixar de cumprir os requisitos imprescindibles ou pasar a non ser consideradas persoas destinatarias por circunstancias sobrevidas, segundo a base segunda. Nestes casos, procederase á elaboración dun informe por parte do Servizo de Traballo Social e a aportación da documentación xustificativa dos cambios na situación do caso concreto.*
- f) Constatación de omisión grave ou falsidade na achega de datos ou documentación.*
- g) Solicitude da nai, pai, persoa titora ou representante legal de cambio a outro réxime que se preste no Centro Príncipe Felipe. Neste caso, unha vez reunido o Consello Coordinador de Centros de Acollemento e avaliada a petición de cambio, a ou o menor será dado de baixa de oficio do anterior réxime e de alta no réxime solicitado.*
- h) Non superación do período de proba e avaliación.*

Unha vez detectadas as situacións descritas, a entidade titular realizará os trámites oportunos de comunicación da baixa mediante unha resolución.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo sexta. Interpretación das bases

Todas as cuestións que se poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Consello Coordinador de Centros de Acollemento do Centro Príncipe Felipe".



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025-2026 (EXPEDIENTE 2025002225)

Dende o Centro Príncipe Felipe elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"No ano 1976 foi inaugurada a Cidade Infantil Príncipe Felipe (en diante CPF) da cal é titular a Deputación de Pontevedra.

A Centro Príncipe Felipe, está inscrito dende o ano 2007 no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340. A entidade alberga no seu recinto tres equipamentos residenciais, que son o Centro Infantil e os Centros Infanto Xuvenís escola Fogar e Agarimo; os ditos equipamentos cumpren os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Deste xeito, o CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

No que á función de acollemento se refire, a entidade está configurada baixo a tipoloxía de con fogares; deste xeito cada equipamento residencial conta cun total de cinco fogares ou tamén denominadas unidades convivenciais.

Por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Centro de Día.

O Centro de Día presta un servizo de acollemento residencial diúrno a través do cal se procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir a atención diaria e atender as necesidades básicas e integrais dos menores da



provincia de Pontevedra. O carácter do recurso de atención de día é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra ven publicando por cada curso escolar a correspondente convocatoria de admisión no recurso do CPF.

Vista a conformidade da deputada delegada de área e a coordinadora xeral do CPF (CSV: M5CoJWZUW6L5EJZ8), de data 28 de xaneiro de 2025, para o inicio da tramitación administrativa do expediente ao obxecto de aprobar as "Bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025 -2026".

Visto o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11/03/2025 (CSV: F2VECLRUW83MQXVJ) no cal se indica que custe estimado para a prestación deste programa de atención de día, para 82 prazas establécese a razón 8,15 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, ascendería a cantidade aproximada de 147.026,00 €.

Resultando que, con data 17/03/2025 (CSV: 8QMZMEY3LILGVODW) o Sr. Secretario Xeral contesta á petición de solicitude do centro xestor, sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo e; visto o informe emitido pola Intervención, de data de 17/03/2025 (CSV: TQOWME744CGA481C), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2026 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Estas bases apróbanse na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025 e e posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 64 de 3 de abril de 2025.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025-2026

A Deputación de Pontevedra dispón, entre os seus recursos, do Centro Príncipe Felipe, de carácter educativo e social, inaugurado no ano 1976 e onde se lles dá atención residencial e de día a nenas, nenos e adolescentes. O obxectivo da institución é mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

No artigo 39 da Constitución española contéplase, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, e sinálase igualmente que nenas, nenos e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que se inclúen os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os dereitos



do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde xaneiro de 1991.

Ao abeiro do disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, onde se recolle a obriga que teñen os poderes públicos de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, as nenas, nenos e adolescentes, así como na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no Decreto 329/2005, de 28 xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a institución provincial creou no Centro Príncipe Felipe un equipamento propio para a atención residencial e a de día de menores procedentes da provincia de Pontevedra.

Desde este organismo desenvólvese, de forma autónoma, o labor de protección mediante a prestación de servizos a menores nos réximes de internamento e centro de día, prestación que xa se levaba a cabo antes da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, sen prexuízo do recollido nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola comunidade autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A Deputación de Pontevedra, a través do Centro Príncipe Felipe, desenvolve un proxecto socioeducativo que, mediante un conxunto de tarefas e actividades que se complementan entre si, lle dá un sentido integral á intervención coas e cos menores e coas súas familias na procura de alcanzar os seus obxectivos, tal e como se recolle no seu Regulamento de réxime interno do Centro Príncipe Felipe, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 51, de 13 de marzo de 2018.

Este programa de atención de día procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir as necesidades básicas a través de diversos obxectivos. Entre eles destacan favorecer os procesos de integración tanto a nivel individual coma grupal; promover nas e nos menores o cambio de actitudes e condutas para interiorizar hábitos que permitan a súa eficaz incorporación social; asesorar e orientar as e os menores e as familias que o soliciten sobre problemas ou necesidades concretos; ou proporcionar estratexias e recursos persoais para afrontar situacións problemáticas e/ou de risco social orixinadas en diversos factores, entre outros. En definitiva, este programa pretende facilitar a apertura das e dos menores cara ás demais persoas e contribuír así a unha relación positiva coa súa contorna e a unha mellor protección e educación destes.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no Regulamento de organización e funcionamento institucional do Centro Príncipe Felipe e na demais normativa aplicable, confecciónanse estas bases e a convocatoria con fundamento nas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión no réxime de atención de día nos centros de acollemento do Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026 e definir os aspectos relacionados co funcionamento do centro.

Segunda. Persoas destinatarias

1. Para poder ser adxudicatarias dunha praza, as persoas menores deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadas e residir de xeito efectivo nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.
- b) Proceder de familias que, debido a dificultades específicas de carácter económico-social, necesiten dun apoio diario e puntual para completar a formación e a atención das persoas menores.



- c) *Ter entre 4 meses e 15 anos no momento do ingreso.*
2. *O límite máximo de idade establecido no punto anterior poderá ampliarse ata os 18 anos nos casos de renovación, para os efectos de remate de estudos iniciados ou de formación laboral, sempre que a valoración realizada polo equipo técnico sexa positiva. Esta ampliación da idade máxima de admisión terá sempre carácter excepcional; unicamente lles afectará ás persoas que xa ocupasen unha praza na anterior convocatoria e estará condicionada á valoración positiva por parte do equipo de atención.*

O límite máximo de idade establecido poderá ampliarse ata os 21 anos unicamente naqueles casos de menores xa residentes que se atopan escolarizados, para os cales fose realizada a proposta de continuidade polo equipo técnico, onde xa estiveron ingresados, ao preverse que a súa escolarización chegará a bo termo. Posteriormente aprobaríase polo Consello Coordinador de Centros.

Os casos expostos para a ampliación da idade máxima no recurso de centro de día terán sempre carácter excepcional, e esta aplicárase exclusivamente para os efectos de remate de estudos iniciados ou de formación laboral.

3. *Non se considerarán persoas destinatarias deste procedemento as que se atopen nalgunha das seguintes situacións:*

- As nenas, nenos e adolescentes que se atopen en posible situación de desamparo e, polo tanto, sexan susceptibles de estar suxeitos á xurisdición da Xunta de Galicia.*
- As persoas menores con trastornos mentais ou de conducta graves, problemas de adicción ou graves trastornos do desenvolvemento, entre outros.*
- As persoas menores en situación de dependencia que non se poidan integrar axeitadamente nas unidades de convivencia.*
- As persoas menores que procedan de unidades familiares con ingresos que sexan superiores aos seguintes límites:*
 - o Unidade familiar de 2 membros: 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).*
 - o Unidade familiar de 3 membros: 3,5 veces o IPREM*
 - o Unidade familiar de 4 ou máis membros: 4 veces o IPREM*

Para a admisión ou a exclusión desta convocatoria teranse en conta os ingresos correspondentes ao ano 2023.

Calquera solicitude que presente algunha das condicións anteriores non será susceptible de baremación.

Terceira. Adxudicación das prazas

As persoas usuarias do recurso no curso 2024-2025 terán dereito á reserva da praza, sen someterse á baremación recollida nestas bases, sempre e cando presenten a solicitude de renovación no prazo ordinario establecido nelas e existan prazas vacantes no centro de destino.

En todo caso, deberán cumprir os requisitos establecidos na base segunda para ser consideradas persoas destinatarias e contar coa conformidade do equipo técnico do centro de acollemento.

As solicitudes de renovación presentadas fóra do prazo ordinario non terán dereito á reserva de praza.

As solicitudes de novo ingreso baremaranse de acordo co establecido nestas bases.

1. Adxudicación directa de prazas



As solicitudes de renovación das nenas e nenos durante o curso inmediatamente anterior terán dereito á reserva da praza, sen someterse á baremación recollida nestas bases.

En todo caso, deberán cumprir os requisitos para ser consideradas persoas destinatarias e contar coa conformidade do equipo técnico do centro de acollemento. Ademais, deberán tramitar a correspondente solicitude de admisión nos prazos ordinarios.

2. Adxudicación mediante o procedemento de baremación de solicitudes

O resto das solicitudes non comprendidas nos supostos recollidos anteriormente baremarase conforme ao establecido nestas bases.

Cuarta. Servizos e prestacións ofertadas

As persoas que resulten adxudicatarias dunha praza en réxime de centro de día disporán dos seguintes servizos e prestacións durante a permanencia nos seus centros de acollemento:

- **Atención diúrna durante o curso lectivo**, segundo o calendario establecido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade para cada curso escolar, **por parte de persoal educativo con ampla experiencia**, que lles ofrece atención personalizada, seguimento, apoio escolar...
- **Atención diúrna** en horarios de atención flexible (respectando a normativa vixente e en función das necesidades organizativas de cada centro), nunha contorna espacial ampla e segura, cunhas instalacións externas convenientemente dispostas para o xogo e a recreación e cunhas unidades de convivencia moi amplas, adaptadas ás disposicións vixentes.
- **Servizo básico de manutención**, con cobertura alimentaria e cociña xeral propia para xantar e merenda (en casos puntuais que o requiran, tamén almorzo e cea) e hixiénica (hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluídos os útiles de aseo persoal).
- **Atención médica de primeira asistencia**, cos recursos propios cos que conta o centro a través da unidade de enfermería.
- **Servizo de atención psicolóxica propio**, orientación e intervención psicolóxica.
- **Servicio de traballo social propio**, seguimento e colaboración na normalización da dinámica familiar, realización de trámites administrativos...
- **Seguimento e apoio escolar**, incluídos os materiais educativos e didácticos.
Para tales efectos, resulta imprescindible que a familia tramite debidamente a axuda para a compra de libros de texto ou a solicitude para acceder ao posible fondo solidario destinado ao alumnado, e a axuda para material funxible. De resultar insuficiente o importe correspondente á devandita axuda, o Centro Príncipe Felipe asumirá o gasto para a adquisición de libros de texto ou material escolar, tendo en conta os límites previstos no orzamento da institución.
- **Servizo de titorías**: realizarase documentalmente o seguimento individualizado da ou do menor.
- **Servizo de transporte de ida e volta ao domicilio familiar**, na medida en que os recursos cos que conta o propio centro permitan a súa realización, agás para as e os menores de entre 4 meses e 3 anos, conforme ás disposicións normativas vixentes en materia de transporte escolar.
- **Organización de actividades extraescolares** recreativas, formativas, transversais (especialmente de igualdade e de valores ambientais), complementarias, de apoio escolar e outras.
Con carácter xeral, non se inclúen neste apartado os gastos para adquirir fármacos nin os gastos médicos (odontolóxicos, oftalmolóxicos etc.).

Quinta. Calendario, horario de atención e duración da prestación

1. Calendario



A atención en réxime de centro de día realizarase durante os días lectivos do calendario escolar que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aprobe para o curso 2025-2026. Para estes efectos, consideraranse como o primeiro e o último día lectivo do curso aqueles que na orde do calendario escolar da devandita consellería se establezan como de inicio e remate da impartición efectiva de clases para os diferentes niveis e réximes de ensinanzas.

Para os efectos do réxime de atención de día recollido nestas bases, os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e os non lectivos do calendario escolar.

Sen prexuízo do anterior, ás persoas beneficiarias dunha praza no Centro Infantil que sexan menores de 3 anos aplicaráselles, ademais, as condicións establecidas no calendario que publique a Consellería de Política Social e Xuventude.

Por causas debidamente xustificadas poderase admitir, logo da valoración destas, a asistencia da ou do menor a un centro nun período diferente do establecido. En tales circunstancias, cando a alteración do calendario recollido neste punto supoña un incremento nos días e/ou horas de atención, as persoas interesadas deberán cumprir necesariamente cos seguintes requisitos:

- Presentar por rexistro unha solicitude debidamente motivada, na que se acheguen as xustificacións pertinentes, cunha antelación mínima de quince (15) días para o seu trámite.*
- Achegar unha valoración favorable da traballadora social, tras escoitar o equipo educativo da unidade de referencia da persoa menor. Esta valoración, en todo caso, deberá contar coa conformidade da Dirección do centro, segundo as posibilidades organizativas.*

2. A atención horaria

A atención horaria das persoas adxudicatarias de prazas do centro de día prestarase dentro da franxa horaria establecida entre as 8 e as 20 horas.

Tendo en conta o disposto no artigo 9 da Orde de 3 de xullo de 2000 (Diario Oficial de Galicia núm. 141), pola que se aproba o contido mínimo do Regulamento de réxime interior de centros de atención á primeira infancia, a permanencia das e dos menores nun centro en réxime de atención de día non pode superar as 8 horas diarias dentro da xornada, agás cando, por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, a ou o menor teña que permanecer un tempo superior, o que deberá ser autorizado pola Dirección xerente da institución. Para o cumprimento destes efectos, procederase segundo o establecido no punto anterior en canto aos requisitos que deben concorrer para a súa autorización.

A atención horaria para as e os menores do Centro Infantil non escolares, dos 4 meses aos 3 anos de idade, que ingresen por primeira vez no centro, prevese a existencia dun período de adaptación cun aumento progresivo do horario, o cal terá unha duración de quince (15) días.

3. Duración da prestación en réxime de centro de día

A adxudicación dunha praza en réxime de centro de día só terá validez durante o curso escolar para o que se presenta a solicitude, polo que deberá renovarse en cada convocatoria anual de admisión, independentemente de que á persoa xa se lle adxudicase unha praza con anterioridade.

4. Prestación do servizo e adopción de medidas específicas orientadas a protexer a saúde e a seguridade das persoas

No caso de situacións que requiran medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade das persoas, a atención no Centro Príncipe Felipe estará supeditada, ademais de a todos os extremos recollidos nos puntos



anteriores, a todas as disposicións derivadas do modelo educativo que establezan as autoridades competentes para o curso 2025-2026 e as medidas adoptadas no antedito centro.

Sexta. Número de prazas ofertadas

O número total de prazas ofertadas en réxime de centro de día para o curso 2025-2026 é de oitenta e dúas (82). A distribución destas, segundo os tramos de idade, é a seguinte:

- a) Desde os 4 meses ata os 8 anos: 44 prazas.
- b) Desde os 8 ata os 16 anos: 38 prazas.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

1. As solicitudes realizarse preferentemente a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).
2. Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
3. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNle).
4. A solicitude terá que estar asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a autorización da ou do proxenitor que non presente a solicitude, agás que a patria potestade lle estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos os casos, será necesario achegar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para que o Consello Coordinador de Centros de Acollemento a cotexe.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación destas bases no BOPPO. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil.

Novena. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI/NIE das persoas solicitantes.
- Certificación de residencia da ou do solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar.
- Certificación de nivel de renda relativo ao ano fiscal de 2023 da ou do solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar.
- Datos de convivencia actual.

E, no caso de que sexan de aplicación, consultaránse os seguintes documentos da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar:

- Certificado acreditativo de discapacidade.



- Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade.
- Certificado das percepcións da renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

2. Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes, segundo cada caso.

3. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

Documentación obrigatoria:

6. Relación das persoas integrantes da unidade familiar e comprobación de datos (anexo I).
7. Copia do libro de familia ou do certificado de nacemento.
8. Rexistro de vacinacións.
9. Certificado de matrícula escolar ou fotocopia da solicitude de praza para o próximo curso.

Naqueles casos de persoas menores que estivesen matriculados no curso 2024-2025, non será preciso que presenten a documentación recollida nos puntos 2, 3 e 4, agás que exista algunha modificación da súa situación.

Documentación obrigatoria, de ser o caso:

1. Autorización para a presentación da solicitude da ou do proxenitor que non presenta a solicitude, no caso de situacións de separación ou divorcio.
2. Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, no caso de estar formalizada a devandita inscrición.
3. Acreditación de familia monoparental, a través do certificado emitido pola Xunta de Galicia ou da correspondente declaración responsable conforme se está tramitando (xunto co xustificante da súa tramitación), e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.
4. Certificado de solicitude de protección internacional ou documento análogo.
5. Certificado médico, no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións da unidade familiar.
6. Resolución de recoñecemento de discapacidade e/ou dependencia.
7. Informe da unidade de saúde mental sobre a ou o menor.
8. Copia da sentenza ou do convenio regulador, no caso de separación ou divorcio legal.

2. A documentación presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.



3. En caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

4. Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

5. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Décimo primeira. Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario. Tratamento de diversas situacións

Enténdese por prazo ordinario o período de tempo que está establecido na base oitava para a presentación de solicitudes. En consonancia, as solicitudes presentadas fóra de prazo ordinario terán o seguinte tratamento:

a) Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario con anterioridade ao 1 de setembro.

Analízanse e, de estar completa a documentación, baremaranse nunha sesión extraordinaria do Consello Coordinador de Centros de Acollemento convocada para o efecto, entre o 15 e o 30 de setembro.

- As prazas adxudícanse en función das vacantes existentes por tramos de idade, sempre por orde de puntuación de acordo cos criterios de baremación indicados na base décimo sétima.
- De non haber prazas vacantes, farase unha **lista de agarda única**, en función da puntuación xeral obtida nos procesos de baremación.

b) Solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario con posterioridade ao 1 de setembro e ata o 15 de xaneiro.

Analízanse e, de estar completa a documentación, baremaranse nunha sesión extraordinaria do Consello Coordinador de Centros de Acollemento convocada para os efectos, entre o 15 e o 30 de xaneiro do ano seguinte ao desta convocatoria.

Terán o mesmo tratamento establecido no apartado anterior deste punto, no referente á adxudicación das prazas e á realización da lista de agarda.

c) Solicitudes que, por circunstancias sobrevidas e de demostrado carácter urxente, se presenten fóra do prazo ordinario unha vez iniciado o curso académico.

Terán o mesmo tratamento establecido nos apartados anteriores deste punto.

Correspóndelle ao Consello Coordinador de Centros de Acollemento considerar a posibilidade de realizar outras convocatorias de baremación, en función da dispoñibilidade de prazas.

Décimo segunda. Publicación de actos

Esta convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Segundo o previsto no artigo 45.1 b) da devandita lei, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúen as relacións provisionais e definitivas de persoas excluídas e admitidas, serán obxecto de publicación,



que producirá os efectos da notificación, a través da páxina web e da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Información

Para resolver dúbidas ou ampliar información da documentación que se debe presentar, as persoas interesadas poderán chamar ao teléfono 986 804 100 (extensións 41024 e 41004).

Décimo quinta. Tramitación dos expedientes de solicitude

1. O Consello Coordinador de Centros de Acollemento do Centro Príncipe Felipe, como órgano responsable da tramitación dos expedientes de solicitude de praza en réxime de atención de día, comprobará que reúnen os requisitos recollidos nestas bases e verificará a existencia da documentación acreditativa.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra e na Sede Electrónica; concederase un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir da data de publicación da lista na páxina web, para que a persoa interesada emende as faltas ou achegue os documentos non presentados, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa petición.

2. Aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos de aceptación establecidos na base segunda non serán baremadas e aparecerán na lista provisional como non aceptadas ou excluídas, e indicárase o motivo que xustifica a situación de non aceptación ou exclusión.

3. Ademais, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento poderá reclamar, en calquera momento, de forma motivada, todos aqueles datos e a súa debida acreditación documental que considere necesarios para realizar a súa función de forma máis eficaz.



A non presentación desta documentación requirida no prazo indicado impedirá a acreditación do criterio ou criterios afectados e, en consecuencia, a súa valoración para os efectos de determinar a puntuación.

4. Para que o persoal de psicoloxía e o de traballo social avalíen e realicen o seu informe para a sesión de baremación, será imprescindible que a solicitude presentada estea completa. Para a valoración, que se fará presencialmente, será necesario que participen as e os responsables legais da persoa menor.

Décimo sexta. Consentimentos e autorizacións

1. A tramitación do procedemento de solicitude de praza, a súa análise e, no seu caso, a súa baremación requiren o uso de datos persoais. No suposto de que as persoas interesadas non se opuxesen ás devanditas consultas, os datos que figuran na base oitava serán obxecto de comprobación.

2. Co fin de que as e os profesionais poidan realizar a súa intervención coas persoas menores para as que se solicita unha praza, as e os responsables legais destas deberán cubrir e entregar os consentimentos, as autorizacións e os informes imprescindibles que se enumeran a continuación:

- i. Autorización de saídas do centro para realizar actividades externas.*
- j. Documento de compromiso da familia ou responsables legais da persoa menor.*
- k. Autorización para a inclusión de nomes e imaxes da persoa menor nos medios de comunicación.*
- l. Autorización para asistir ás titorías do centro escolar en casos excepcionais debidamente xustificadas e, de ser o caso, para coñecer as cualificacións da ou do menor.*
- m. Documento acreditativo de alerxias médicas e/ou alimentarias, ou da existencia de enfermidades crónicas ou infecto-contaxiosas.*
- n. Autorización, de ser o caso, para viaxar sen acompañamento no autobús.*
- o. Consentimento informado para a avaliación psicolóxica da ou do menor.*
- p. Calquera outra autorización, consentimento ou informe acreditativo que os servizos dos centros estimen oportuno solicitar para desempeñar o seu traballo.*

3. Estes documentos deberán cubrirse e entregarse no momento en que sexan requiridos polos centros e profesionais, e en todo caso, na primeira semana contada a partir da data do ingreso no recurso.

Décimo sétima. Valoración das solicitudes. Resolución das situacións de empate

1. O Consello Coordinador de Centros de Acollemento será o órgano encargado de realizar a valoración das solicitudes presentadas para adxudicar as prazas en réxime de centro de día do Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026.

2. A selección das solicitudes e a orde de admisión efectuaranse en función da puntuación total acadada segundo o baremo establecido nestas mesmas bases. A todas as solicitudes recibidas aplicaráselles un procedemento de valoración, agás ás das persoas usuarias do recurso no curso 2024-2025, que se renovarán automaticamente.

A puntuación total acadada conforme aos criterios e ás valoracións establecidos nestas bases determinará a orde de admisión.

No caso de empate na puntuación final, cando o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas e a situación se produza entre as candidaturas á última praza ofertada no mesmo tramo de idade no centro, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento resolverá atendendo á maior puntuación obtida nos seguintes criterios, por orde de preferencia:

- 1.º Maior puntuación no criterio de situación económica.*



- 2.º Acreditación e valoración do criterio da existencia de irmá ou irmán con praza no Centro Príncipe Felipe.
- 3.º Condición de familia monoparental.
- 4.º Maior puntuación no apartado de concorrencia de discapacidade ou enfermidade crónica ou dependencia.

Se, despois de aplicar os anteriores criterios por orde de preferencia, persistise a situación de empate, o devandito consello resolverá a situación aplicando o resultado dun sorteo público, que consistirá en extraer o nome dunha das persoas candidatas á praza dunha urna ou mecanismo similar onde previamente se introduciron os nomes de todas as persoas afectadas polo empate.

Décimo oitava. Criterios de baremación e documentación acreditativa

Para a valoración e a baremación das solicitudes presentadas para obter praza en réxime de centro de día do Centro Príncipe Felipe para o curso 2025-2026, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento atenderá a dous criterios: a situación económica e a situación sociofamiliar.

1. Situación económica

1.1. Quedarán excluídos do procedemento todos os casos nos que a unidade familiar teña ingresos superiores ao límites marcados no punto 3 da base segunda, para o cal se terán en conta os ingresos da unidade familiar correspondentes ao exercicio do ano 2023.

Para estes efectos, a situación económica acreditarase a través do seguinte:

- e) *A declaración do IRPF do ano 2023 de todos os membros computables da unidade familiar suxeitos a tributación.*
- f) *No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2023, será imprescindible achegar un certificado de ingresos correspondentes a 2023 expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- g) *De non contar xustificadamente cos datos esixidos nos dous apartados inmediatamente anteriores, será necesario achegar a xustificación de pensións non contributivas ou xustificación de prestacións sociais (RISGA, integración familiar, subsidios e axudas a persoas emigrantes retornadas) e, se é o caso, pensións procedentes do estranxeiro. Todos estes documentos corresponderanse co exercicio fiscal do ano 2023.*
- h) *Certificado de solicitude de protección internacional ou documentación análoga.*

En todo caso, exceptuaranse no cómputo de recursos económicos os ingresos por prestacións da Seguridade Social por filla ou fillo a cargo e as axudas de carácter finalista; entenderanse como tales as axudas de emerxencia social, de adquisición de vivenda ou aluguer, as bolsas e calquera outra concedida para cubrir unha necesidade específica da unidade familiar.

1.2. Para os efectos destas bases, no referente á valoración do criterio económico, considérase que a unidade familiar está integrada por:

- d) *Os cónxuxes non separados legalmente ou as parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia; cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída pola nai, pai persoa titora ou representante legal e todas as fillas ou fillos que convivan con eles.*
- e) *As fillas e fillos menores de idade, con excepción das e dos menores que, con consentimento das nais, pais ou persoas titoras, vivan independentemente.*



f) *As fillas e fillos maiores de idade dependentes.*

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas as fillas e fillos que residan habitualmente cun ou co outro e que reúnan os requisitos anteriormente mencionados. En casos de custodia compartida, entenderase por renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude e que cumpran os requisitos mencionados.

1.3. Os ingresos da unidade familiar determinaranse sumando a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración de renda conxunta ou, de ser o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar suxeitos a tributación. O importe anterior resultante dividirase polo número de membros computables da unidade familiar, e así obterase a renda anual per cápita. Para calcular a renda mensual per cápita dividirase entre doce.

1.4. A aquelas solicitudes que non superen o límite de ingresos da unidade familiar establecido no apartado 1.1 aplicaráselles a seguinte escala na súa baremación:

- a) Do IPREM per cápita ata o seu dobre ou superior..... 0 puntos*
- b) Do 75 % ata o IPREM per cápita..... 1 punto*
- c) Do 50 % ata o 75 % do IPREM per cápita..... 2 puntos*
- d) Do 25 % ata o 50 % do IPREM per cápita..... 3 puntos*
- e) Inferior ao 25 % do IPREM per cápita..... 4 puntos*

1.5 A non presentación da documentación esixida para a valoración da situación económica terá como resultado inmediato a non aceptación da solicitude por imposibilidade de aplicar os criterios de baremación (e así se motivará na lista provisional), xa que para programar as entrevistas do persoal de psicoloxía e de traballo social coas familias requirirase que estea previamente determinada a situación de non exclusión por motivos económicos.

2. Situación sociofamiliar

2.1. Acreditación e valoración do criterio de existencia de irmá ou irmán con praza no Centro Príncipe Felipe

Para valorar este criterio atenderase á seguinte distribución:

- Existencia de irmá ou irmán menor de 18 anos con praza no recurso do Centro Príncipe Felipe..... 1 punto*

Para acreditar documentalmente este criterio, será necesario presentar unha fotocopia do libro de familia, a certificación do rexistro ou similar.

2.2. Acreditación e valoración do criterio de discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida igual ou superior ao 33 %, recoñecemento de dependencia ou enfermidade crónica.

2.2.1 Para valorar este criterio, atenderase á seguinte distribución:

- Nai..... ata 3 puntos*
- Pai..... ata 3 puntos*
- Fillas e fillos, incluídas as irmás ou irmáns..... ata 2 puntos*

Para concretar as porcentaxes e a puntuación, atenderase ao seguinte:



c) Para os casos da nai ou do pai

- Discapacidade a partir do 33 % ata o 50 % e/ou dependencia en grao I 1 punto*
- Discapacidade desde o 50 % ata o 66 % e/ou dependencia en grao II 2 puntos*
- Discapacidade superior ao 66 % e/ou dependencia en grao III 3 puntos*

d) Para os casos das fillas ou fillos, incluídas as irmás ou irmáns

- Discapacidade a partir do 33 % ata o 66 % e/ou dependencia en grao I ou II 1 punto*
- Discapacidade superior ao 66 % e/ou dependencia en grao III 2 puntos*

En todo caso, o outorgamento da puntuación neste apartado será a máis beneficiosa para cada caso particular.

2.2.2 Para acreditar documentalmente este criterio presentaranse:

- Certificación do grao de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social ou, de ser o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.*
- Certificación médica das afeccións correspondentes.*

2.3. Acreditación e valoración do criterio da condición de familia monoparental

A valoración deste criterio é de 3 puntos.

A condición de familia monoparental acreditarase mediante o certificado de recoñecemento de familia monoparental ou coa correspondente declaración responsable de que se está tramitando o devandito certificado e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.

2.4. Acreditación e valoración de calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de ser valorada a xuízo do Consello Coordinador de Centros de Acollemento

O Consello Coordinador de Centros de Acollemento, á vista da información proporcionada na sesión de valoración e baremación por parte dos diferentes axentes, poderá valorar circunstancias apreciadas no contexto sociofamiliar que indiquen a idoneidade do recurso que se lles ofrece ás persoas solicitantes ou calquera outra debidamente acreditada tras analizar a información recibida.

A valoración, de producirse, oscilará na franxa de -4 ata +4 puntos.

2.5. Acreditación e valoración do informe do Servizo de Traballo Social da institución

A valoración do informe emitido polo Servizo de Traballo Social da institución computará entre 0 e 4 puntos.

A acreditación deste criterio realizarase a través da análise da documentación achegada e da información obtida polas ou polos profesionais nas súas visitas e contactos para realizar a valoración da persoa menor, da familia, da contorna e da conciliación laboral e familiar.

Estas visitas e contactos só se producirán cando as solicitudes reúnan as condicións de aceptación previstas.

2.6. Acreditación e valoración do informe do Servizo de Psicoloxía da institución

A valoración do informe emitido polo Servizo de Psicoloxía da institución computará entre 0 e 4 puntos.



A acreditación deste criterio realizarase a través da análise da documentación achegada e da información obtida polas ou polos profesionais nas súas visitas e contactos para realizar a avaliación da persoa menor e da familia.

Estas visitas e contactos só se producirán cando as solicitudes reúnan as condicións de aceptación previstas.

Para a devandita valoración psicolóxica, que se fará presencialmente, será necesario que participen as e os responsables legais da persoa menor, así como a firma do correspondente consentimento.

Décimo novena. Publicación da lista provisional de adxudicación de prazas

- 1. Unha vez baremadas as solicitudes e determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento publicará a relación nominal de todas as persoas solicitantes que acadaron praza, por orde da puntuación total obtida e por centros e tramos de idade.*
- 2. A lista provisional de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias de praza publicárase na web e na Sede electrónica da Deputación. A lista tamén poderá consultarse na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.*
- 3. Na lista provisional aparecerán tamén, se fose o caso, as persoas non adxudicatarias de praza, as solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos e o motivo da non admisión. As persoas que non acadaron praza formarán parte da lista de agarda.*

Vixésima. Reclamacións á lista provisional de adxudicación de prazas

- 1. As persoas solicitantes que sexan excluídas ou omitidas poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas referentes á lista provisional de adxudicación de prazas.*
- 2. A reclamación, que se formalizará mediante o impreso que se achega con estas bases, dirixiráselle ao Consello Coordinador de Centros de Acollemento e presentárase no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra ou na Sede electrónica, nos mesmos termos que o previsto para a presentación de solicitudes; esta poderá formularse no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.*
- 3. De acordo coas garantías e cos límites da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.*

Vixésimo primeira. Relación definitiva de adxudicación de prazas

- 1. A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas ás listas provisionais entenderase realizada a través das listas definitivas de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias.*
- 2. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas á resolución provisional, o Consello Coordinador de Centros de Acollemento realizará unha proposta de lista definitiva, a cal enviará para a súa posterior aprobación e publicación.*
- 3. Con base na valoración das solicitudes efectuada por este consello, mediante Resolución Presidencia acordarase a relación de persoas admitidas en réxime de centro de día durante o curso 2025-2026 I, así como a de non admitidas e as causas da súa exclusión.*



4. De acordo coas garantías e cos límites da Lei orgánica 3/2018, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Secretaría do Centro Príncipe Felipe.

Vixésimo segunda. Obrigas das persoas adxudicatarias das prazas

As persoas que resulten adxudicatarias dunha praza en réxime de centro de día do Centro Príncipe Felipe deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Confirmar a praza ou a inscrición no centro correspondente, cando se lles requira.
- b) Comunicar a baixa ou a renuncia da praza, co fin de que a vacante poida ser cuberta, de ser o caso, con outra persoa da lista de agarda ou quedar á disposición do centro.
- c) Presentar, no momento no que se lles requira, as autorizacións e os consentimentos necesarios para levar a cabo a intervención coas persoas menores.
- d) Asinar a documentación que cada centro lles requira e proporcionar a información e a documentación complementarias necesarias.
- e) Asistir ás reunións que cada centro convoque con carácter informativo ou con motivo de intervencións concretas.
- f) Comunicar calquera cambio que se produza con respecto á situación persoal ou familiar que teña incidencia na intervención socioeducativa.
- g) Cumprir coas responsabilidades adquiridas no compromiso asinado co centro onde se obtivo a praza.

Calquera incumprimento destas obrigas poderá supoñer a anulación da praza adxudicada.

Vixésimo terceira. Recurso contra a resolución definitiva de adxudicación de prazas

Contra a resolución da entidade titular, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia da institución provincial, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de adxudicación de prazas no BOPPO (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

A lista de adxudicación de prazas poderá consultarse en www.depo.gal.

Vixésimo cuarta. Baixas: tipos e causas

Nas prazas adxudicadas polo procedemento de admisión en réxime de centro de día regulado por estas bases distinguíranse dous tipos de baixa:

- A petición da persoa interesada.
- De oficio.

1. Baixas a petición da persoa interesada

A persoa interesada que decida renunciar á praza adxudicada deberá presentar un escrito no Rexistro, no que indique os efectos da renuncia. Posteriormente, a entidade titular, que é a competente nestes casos, emitirá a resolución neste mesmo sentido.



2. Baixas de oficio

Consideraranse baixas de oficio todas aquelas que se produzan por un uso anómalo da praza adxudicada, por incumprimento da obriga de presentar a documentación esixida ou por desaproveitamento do recurso. Para estes efectos, as baixas de oficio aplicaranse cando se dea algunha destas circunstancias:

- a) Constatación da non incorporación ao centro, unha vez iniciadas as súas actividades, durante un período de sete días lectivos consecutivos, sen causa debidamente xustificada.*
- b) Constatación, en calquera momento do curso, de falta de asistencia, sen causa debidamente xustificada, durante sete días consecutivos ou doce descontinuos no período dun trimestre.*
- c) Constatación do incumprimento de achegar a documentación esixida e necesaria para desempeñar o labor organizativo do centro e a intervención socioeducativa ou de omitir as indicacións do centro.*
- d) Constatación do incumprimento dalgunha norma relacionada coa saúde.*
- e) Situacións que impliquen a incompatibilidade co mantemento da praza no recurso, ben por deixar de cumprir os requisitos imprescindibles ou pasar a non ser consideradas persoas destinatarias por circunstancias sobrevidas, segundo a base segunda. Nestes casos, procederase á elaboración dun informe por parte do Servizo de Traballo Social e a aportación da documentación xustificativa dos cambios na situación do caso concreto.*
- f) Constatación de omisión grave ou falsidade na achega de datos ou documentación.*
- g) Solicitud da nai, pai, persoa titora ou representante legal de cambio a outro réxime que se preste no Centro Príncipe Felipe. Neste caso, unha vez reunido o Consello Coordinador de Centros de Acollemento e avaliada a petición de cambio, a ou o menor será dado de baixa de oficio do anterior réxime e de alta no réxime solicitado.*
- h) Non superación do período de proba e avaliación.*

Unha vez detectadas as situacións descritas, a entidade titular realizará os trámites oportunos de comunicación da baixa mediante unha resolución.

Os efectos da baixa de oficio serán os que temporalmente estean recollidos na resolución da entidade titular.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Vixésimo sexta. Interpretación das bases

Todas as cuestións que se poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Consello Coordinador de Centros de Acollemento do Centro Príncipe Felipe”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**6. DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN E COMEZO DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA
PROVINCIA ACTIVA 2025 (Expediente 2024068603)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da adxudicación e comezo da execución do Programa PROVINCIA ACTIVA 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

“ANTECEDENTES:

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 13 de decembro de 2024.*
- *Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:*
 - *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra dentro da área de maiores .*
 - *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.*
 - *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
 - *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*
- *Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que para levalo a cabo a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición, e que hai un número mínimo de 15 persoas inscritas.*



Só se poderá conceder un obradoiro por entidade. As temáticas, os obradoiros e o número de prazas ofertadas recóllense no anexo I, Catálogo de obradoiros.

Os obradoiros terán unha duración de trinta (30) horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que o obradoiro se imparta durante un ou varios días á semana ata completar o número de horas; a data límite para a súa realización será o 31 de decembro de 2025.

Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante.

- *Ofértanse 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.*
- *O orzamento consignado no Servizo de Benestar Social para o programa "PROVINCIA ACTIVA" 2024 ascende a cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial,*
- *A empresa que xestionará, desenvolverá e executará o programa é XESTION CULTURAL AUREA.*

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes e recibida a documentación esixida consta que nesta convocatoria hai un total de **316 solicitudes de participación**, das cales foron:*

- **Admitidas: 276** solicitudes por cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras
- **Adxudicadas: 130** solicitudes
- **En lista de agarda: 146** solicitudes
- **Excluídas: 40** solicitudes.
- **Ningunha** solicitude foi presentada fóra de prazo.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo 2025, aprobou:

-Relación definitiva de 276 entidades admitidas: (CSV): MMYJSLHW5SAXJOP7

-Relación definitiva de 40 solicitudes excluídas, e motivo de exclusión: (CSV): MY91OPPHXTNNRTR7



- Relación das entidades con proposta de adxudicación de 130 obradoiros, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases. (CSV): JBH3GHZFMLNGWV3P

- Relación de 146 entidades en lista de agarda (CSV): LY4N42IFKDB49XJH.

OUTROS DATOS DE INTERESE:

- Número de solicitudes presentadas no 2025: 316, **fronte a 263 que se recibiron no 2024.**
- Os cursos máis demandados son os obradoiros de Ximnasia de mantemento para persoas maiores, conservando a memoria e bailes de salón.

OBRADOIRO	Nº EDICIÓNS
XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA PERSOAS MAIORES	17
CONSERVANDO A MEMORIA	16
BAILES DE SALÓN	14
PILATES	14
PLANTAS MEDICINAIS	12
RISOTERAPIA	12
HABILIDADES DIXITAIS PARA USO COTIÁN	9
RESTAURACION DE MOBLES	8
INFORMÁTICA. NIVEL AVANZADO	6
PANDEIRETA E CANTO POPULAR	6
TEATRO	6
IOGA	5
MUSICOTERAPIA	4
TERAPIA EMOCIONAL	1

CONCELLOS DAS ENTIDADES QUE FORON BENEFICIARIAS (40)

CONCELLO	Nº EDICIÓNS
A ESTRADA	8
A GUARDA	2
A LAMA	1
ARBO	2
AS NEVES	1
BUEU	1
CALDAS DE REIS	2
CAMBADOS	1
CAMPOLAMEIRO	1



CANGAS	3
CATOIRA	1
CERDEDO COTOBADE	4
COVELO	1
CUNTIS	1
FORNELOS DE MONTES	1
ILLA DE AROUSA	2
LALÍN	12
MEAÑO	2
MOAÑA	2
MONDARÍZ	4
MORAÑA	2
MOS	3
NIGRÁN	2
O GROVE	2
O PORRIÑO	1
O ROSAL	1
OIA	2
PONTEAREAS	8
PONTEVEDRA	8
PORTAS	1
REDONDELA	7
RIBADUMIA	1
SALCEDA DE CASELAS	7
SANXENXO	3
SILLEDA	2
SOUTOMAIOR	5
TUI	1
VIGO	16
VILAGARCIA DE AROUSA	5
VILANOVA DE AROUSA	1

XESTIÓN ACTUAL DO PROGRAMA:

A empresa adxudicataria está contactando coas entidades beneficiarias dos obradoiros elexidos a fin de coordinar a implantación e execución do programa. Na actualidade estanse realizando as visitas ás instalacións nas que se desenvolverán os obradoiros, a selección do profesorado e a calendarización dos mesmos.



MAIS INFORMACIÓN EN :

<https://www.depo.gal/es/web/edepo/-/provincia-activa>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás dez horas e cincuenta minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

